Na taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, das exencións establecidas só dous responden ao concepto de beneficio fiscal establecido nesta memoria e hai que sinalar que, no caso das tómbolas diocesanas non hai datos para contrastar e que no caso da Cruz

Vermella, a devandita entidade celebra sorteos a nivel estatal, polo que non tributaría na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, a única exención establecida responde a un criterio técnico, que exclúe á exención do concepto de beneficio fiscal establecido.

IMPOSTO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. O mínimo exento responde á estrutura técnica do tributo eximindo de tributación unha cantidade de contaminación que se entende asumible.

IMPOSTO SOBRE DANOS AMBIENTAIS AUGAS EMBALSADAS

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. A modulación da cota tributaria que supón unha minoración desta, responde á estrutura técnica do tributo e do dano ambiental que se pretende gravar.

CANON EÓLICO

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución na cota.

A bonificación da cota tributaria asociada á repotenciación do parque eólico responde á pretensión de fomentar as medidas necesarias para minorar o impacto ambiental gravado, polo que sería unha función incentivadora-desincentivadora do tributo con finalidade extrafiscal, máis que un beneficio fiscal en si mesmo, motivo polo que se entende que non respondería ao concepto de beneficio fiscal.

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO E IMPOSTOS ESPECIAIS

Ante a falta de aprobación do Proxecto de Orzamentos xerais do Estado para os anos 2019 e 2020 por parte do Goberno de España no momento de confeccionar esta memoria, o importe dos beneficios fiscais do IVE e dos ILEE para o ano 2020 calcúlase a partir dos importes totais que para eses impostos figuran na Memoria de beneficios fiscais incluída no Proxecto de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 aos que se lles aplican os importes de cesión que fixa a normativa de financiamento para as comunidades autónomas, o 50% no caso do IVE e o 58% no caso dos ILEE; e para calcular o importe que lle corresponde a Comunidade Autónoma

de Galicia a ditos importes se lles aplican os índices de reparto que figuran no “Informe do sistema de financiamento autonómico Cadros de Liquidación 2017” do Ministerio de Facenda, ao ser os últimos datos dispoñibles.

Imposto	Total beneficios fiscais CCAA	% Galicia	Beneficios fiscais Galicia
IVE	20.514,0	6,07%	1.245,5
ALCOHOL E BEBIDAS DERIVADAS	48,8	6,16%	3,0
HIDROCARBUROS	912,2	6,98%	63,7
HIDROCARBUROS cambio normativo 1/1/2019			10,0
TOTAL	21.475,0		1.322,2

(Millóns de Euros)

Como froito do cambio normativo realizado na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018 integrase, con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o tipo impositivo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos no tipo estatal especial polo que, para 2020, procede computar tódolos beneficios fiscais correspondentes a este imposto como de carácter estatal.

TAXAS E PREZOS

Neste apartado analizaremos sinteticamente os datos relativos ao que, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 2, denomina, en primeiro lugar “Instrumentos financeiros”, como as contraprestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens ou da prestación de servizos demandados polos suxeitos; estes instrumentos de tipo financeiro son establecidos no título II desta lei. Pola súa parte, os “instrumentos reguladores” defínense como os medios utilizables para alterar as contraprestacións esixidas por aqueles bens ou servizos ofrecidos polos suxeitos activos aos que se refire o artigo seguinte e están establecidos no título III desta lei.

Os ingresos derivados da aplicación dos instrumentos regulados na antedita Lei, están destinados a satisfacer o conxunto das obrigas dos suxeitos que os perciben: Administración Xeral, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas a calquera deles, no conxunto da Administración Pública da Xunta de Galicia.

Cada un dos instrumentos financeiros mencionados responde a unhas características propias e singulares que os configuran, definen e distinguen. Neste sentido son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia “os tributos creados por lei ou transferidos polas súas corporacións locais ou polo Estado no marco da transferencia de servizos e competencias a esta, das que o seu feito imponible consiste na utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio

público da Comunidade Autónoma de Galicia ou na entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público por parte dos suxeitos activos ós que se refire o artigo 3 desta lei, que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, sempre que se produza calquera das circunstancias seguintes:

- Primeira.- Que a entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:
 - cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou
 - cando os bens, os servizos ou as actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.
- Segunda.- Que non se entreguen, presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte a normativa vixente". O rendemento total previsible da taxa non poderá exceder, no seu conxunto, do custo total de produción dos bens e servizo ou da actividade.

Doutra banda, tanto os prezos públicos, coma os prezos privados, son contraprestacións pecuniarias percibidas pola Administración Xeral ou organismos e entidades públicas da Xunta de Galicia, pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público (prezos públicos) ou de dereito privado (prezo privado). Os prezos públicos fixaranse nunha contía que cubra como mínimo o custo do servizo, mentres que os prezos privados serán fixados atendendo as condicións e circunstancias do mercado no que se realicen.

Por último, a aplicación a todos estes instrumentos (taxas ou prezos) dunha exacción reguladora determinará unha tarifa para o consumidor ou usuario superior ao importe normalmente percibido pola institución ou entidade oferente do ben ou servizo de que se trate; pola contra, a utilización dunha subvención reguladora, permitirá aplicarlle aos consumidores e usuarios tarifas ou prezos inferiores ao custo de produción dos bens ou servizos.

Ao longo do articulado da Lei 6/2003 e, asemade na regulación específica de cada taxa ou prezo, establécense os supostos nos que, unha vez determinada a tarifa ou prezo do ben ou servizo concreto, debe aplicarse unha diminución da contía dos mesmos, mediante bonificacións e exencións, nas que se contemplan determinadas circunstancias que permiten conseguir obxectivos concretos de política económica ou social, o que chamamos, en definitiva, beneficios fiscais consonte ao concepto delimitado no apartado I desta memoria.

As referencias normativas dos instrumentos financeiros contemplados neste apartado da memoria de beneficios fiscais, referentes aos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, son os que se relacionan no seguinte recadro:

Normativa de Referencia	
Taxas, Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras	Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia: artigos 23, 30, 14, 46 e 51.
Prezos Públicos Subvencións Reguladoras	
Ensinanzas Especiais	Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
Garderías	Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. Modificado polo Decreto 91/2014, do 17 de xullo
Residencia Terceira Idade	Decreto 123/1985, do 2 de maio, polo que se fixan os prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia / DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
Centro Atención Persoas Dependentes (CAPD)	Decreto 276/2002, do 6 de setembro, polo que se establecen as tarifas dos centros de menores de titularidade propia/DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
Residencias tempo libre	Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre, modificado polo Decreto 65/2016, do 2 de xuño.
Decreto prezos públicos marítimo-pesqueira e agroforestal	Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería.
Comedores Escolares	Decreto 132/2013, 1 agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación
Prezos Privados Subvencións Reguladoras	
Prezos privados Produtos de difusión do Instituto Galego de Estatística	Orde do 17 de marzo de 2004 pola que se regulan os prezos privados dos produtos de difusión do IGE.
Prezo privado limpeza vehículos transporte gandeiro	ORDE do 31 de xullo de 2013 pola que se fixan os prezos privados dos servizos de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro en Galicia.
Prezos privados Xuventude	ORDE do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Modificada pola Orde do 5 de febreiro de 2019
Prezos privados C.S.H.G	ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se regulan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos polo Centro Superior de Hostalaría de Galicia.
Prezos privados Metroloxía	ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se fixan os prezos privados correspondentes aos estudos conducentes á obtención das titulacións do Centro Superior de Hostalaría de Galicia.
Prezos privados INGACAL	ORDE do 26 de decembro de 2013 pola que se fixan os prezos privados que percibirá a Xunta de Galicia polos servizos prestados polo Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia. Modificada pola Orde do 27 de xuño de 2019
	ORDE do 23 de marzo de 2010 pola que se regulan os prezos privados dos servizos de xestión, control e certificación da calidade alimentaria do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.
	Orde do 17 de febreiro de 1997 pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, referentes a doses seminais, determinacións analíticas, plantas e sementes de viveiros, sementes e piñas de sequeiro e especies cinexéticas.

Para chegar á determinación do importe das subvencións reguladoras, que se inclúen no cadro seguinte, o principio fundamental seguido é comparar, por un lado, o custo total de prestación do servizo correspondente, reflectido na correspondentes memorias económico-financeiras que acompañan ás normas (leis, decretos, ordes) ditadas para a implantación do correspondente instrumento financeiro e, doutra banda, a estimación dos ingresos derivados das tarifas ou prezos propostos.

Acorde coas anteriores consideracións, no seguinte cadro reflíctese o importe que supón para o ano 2020 o conxunto de subvencións reguladoras e beneficios fiscais derivadas da aplicación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Beneficios fiscais e subvencións reguladoras	2020
Custo Total Beneficios Fiscais Taxas	2.745.491
Custo Total Subvencións Reguladoras Taxas	3.948.049
Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Públicos	188.933.850
Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Privados	5.207.560
Total Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras	200.834.950

Pódese apreciar neste cadro a importancia predominante que teñen as subvencións reguladoras correspondentes aos prezos públicos, fronte aos beneficios fiscais (exencións e bonificacións) das taxas. Loxicamente neles están os servizos máis importantes no ámbito educativo e social. Isto pode observarse, de maneira máis nítida no seguinte cadro, no que se distribúen os beneficios e as subvencións por áreas funcionais.

Beneficios fiscais e subvencións reguladoras - Distribución por Áreas Funcionais 2020			
		Importe	%
Taxas	Administrativas	4.482.111	2,2%
	Profesionais	2.211.429	1,1%
Total Taxas		6.693.540	3,3%
Prezos	Área Social	99.865.031	49,7%
	Área Educación	89.546.767	44,6%
	Área Xuventude	3.697.723	1,8%
	Outras áreas	1.031.890	0,5%
Total Prezos		194.141.410	96,7%
Total		200.834.950	100,0%

En efecto, e por este orde: no ámbito dos prezos, a área social (garderías, residencias da terceira idade, centros de atención a persoas dependentes, centros sociais, servizos sociais da mariña, residencias tempo libre e servizo transporte adaptado), supón case que a metade de toda a cifra de gastos fiscais, concretamente o 49,7%; en segundo lugar, a área da ensinanza (ensinanzas especiais, comedores escolares, residencias agroforestais e marítimo-pesqueiras) que representa o 44,6%, é dicir, as dúas áreas representan o 94,3% da cifra total que se estima para o orzamento de 2020. Finalmente, a área de xuventude e outras áreas, representan o restante 2,3%.

RESUMO CUSTO BENEFICIOS FISCAIS

CONCEPTO	Importe		
	Normativa autonómica	Normativa estatal	Total
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	27.260.000		27.260.000
Imposto sobre o Patrimonio	700.000	119.109.000	119.809.000
Imposto sobre Sucesións e Doazóns	155.479.600	1.251.000	156.730.600
Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados	66.898.200	106.548.456	173.446.656
Imposto sobre Hidrocarburos		73.628.000	73.628.000
IVE		1.245.530.000	1.245.530.000
Alcohol e bebidas derivadas		3.003.000	3.003.000
Taxas e prezos	200.834.950		200.834.950
TOTAL	451.172.750	1.549.069.456	2.000.242.206

II.2. GASTOS

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución económica							
Capítulos		2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
				Importe	%	2019	2020
I	Gastos de persoal	2.051.151	2.127.678	76.527	3,7	18,2	18,4
II	Gastos en bens correntes e servizos	540.724	565.323	24.599	4,5	4,8	4,9
III	Gastos financeiros	165.099	143.084	-22.015	-13,3	1,5	1,2
IV	Transferencias correntes	5.214.167	5.392.920	178.753	3,4	46,2	46,7
OPERACIÓNS CORRENTES		7.971.140	8.229.005	257.865	3,2	70,6	71,3
V	Fondo de continxencia	7.125	1.400	-5.725	-80,4	0,1	-
VI	Investimentos reais	348.565	361.466	12.902	3,7	3,1	3,1
VII	Transferencias de capital	1.351.247	1.345.134	-6.112	-0,5	12,0	11,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.699.811	1.706.601	6.789	0,4	15,1	14,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		9.678.077	9.937.006	258.929	2,7	85,7	86,1
VIII	Activos financeiros	100.052	102.946	2.894	2,9	0,9	0,9
IX	Pasivos financeiros	1.513.047	1.501.239	-11.807	-0,8	13,4	13,0
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.613.098	1.604.185	-8.913	-0,6	14,3	13,9
Total		11.291.175	11.541.191	250.016	2,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

No orzamento para 2020 o importe total dos créditos previstos ascende a 11.541,2 millóns de euros, o que supón un aumento do 2,2% respecto aos orzamentos do exercicio anterior. Os gastos financeiros diminúen lixeiramente nun 0,6 % e a capacidade de gasto da administración autonómica, que son os gastos non financeiros, se incrementa nun 2,2% respecto ao ano 2019, acadando a cifra de 9.937 millóns de euros

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución Orgánica						
Seccións	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
01 Parlamento	19.805	20.379	574	2,9	0,2	0,2
02 Consello de Contas	7.289	7.673	384	5,3	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	2.679	2.757	78	2,9	-	-
04 Presidencia da Xunta de Galicia	258.116	270.012	11.896	4,6	2,3	2,3
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	294.321	307.213	12.893	4,4	2,6	2,7
06 Consellería de Facenda	56.681	58.487	1.806	3,2	0,5	0,5
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	160.363	153.105	-7.258	-4,5	1,4	1,3
08 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	374.501	378.966	4.465	1,2	3,3	3,3
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	547.371	560.887	13.516	2,5	4,8	4,9
10 Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional	2.391.761	2.447.678	55.918	2,3	21,2	21,2
11 Consellería de Cultura e Turismo	141.013	143.798	2.785	2,0	1,2	1,2
12 Consellería de Sanidade	3.782.335	3.897.761	115.426	3,1	33,5	33,8
13 Consellería de Política Social	731.545	775.792	44.247	6,0	6,5	6,7
14 Consellería de Medio Rural	514.865	536.196	21.330	4,1	4,6	4,6
15 Consellería do Mar	161.372	166.821	5.449	3,4	1,4	1,4
20 Consello Consultivo de Galicia	2.117	2.113	-4	-0,2	-	-
21 Transferencias a corporacións locais	128.744	135.798	7.054	5,5	1,1	1,2
22 Débeda pública da Comunidade Autónoma	1.675.916	1.642.102	-33.814	-2,0	14,8	14,2
23 Gastos de diversas consellerías	40.382	33.653	-6.729	-16,7	0,4	0,3
Total	11.291.175	11.541.191	250.016	2,2	100,0	100,0


(Miles de Euros)

O gasto corrente previsto, 8.229 millóns de euros, está constituído nun 25,9% polas retribucións do persoal ao servizo da comunidade autónoma, que se incrementan no seu conxunto nun 3,7%.

O capítulo IV ascende a 5.392,9 millóns de euros, representando o 65,5% do total do gasto corrente, e un incremento respecto do exercicio anterior do 3,4%, ademais está formado nunha gran parte polo gasto derivado do desenvolvemento das políticas básicas de equidade e cohesión. Compréndese dentro dese o representado pola educación, que recolle a maior parte do financiamento das universidades, a prestación de servizos sanitarios e o gasto para a prestación dos servizos sociais, entre os que destacan os que son propios da atención á dependencia.

Conforme ao escenario actual de crecemento para os próximos anos, os créditos canalizados a través dos capítulos VI e VII experimentan un lixeiro incremento do 0,4%, acadando a cifra de 1.706,6 millóns de euros.

Distribución do orzamento de gastos por seccións



Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución Funcional						
Grupo de función			Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Funcións	2019	2020	Importe	%	2019	2020
1 Actuacións de carácter xeral	289.431	301.943	12.511	4,3	2,6	2,6
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	38.201	39.450	1.249	3,3	0,3	0,3
12 Administración xeral	67.314	71.706	4.393	6,5	0,6	0,6
13 Xustiza	158.697	156.314	-2.383	-1,5	1,4	1,4
14 Administración local	15.141	17.282	2.140	14,1	0,1	0,1
15 Normalización lingüística	8.079	8.507	428	5,3	0,1	0,1
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	2.000	8.683	6.683	334,2	-	0,1
2 Protección civil e seguranza cidadá	29.555	28.947	-608	-2,1	0,3	0,3
21 Protección civil e seguridade	29.555	28.947	-608	-2,1	0,3	0,3
3 Protección e promoción social	1.041.422	1.102.246	60.825	5,8	9,2	9,6
31 Acción social e promoción social	773.115	821.137	48.023	6,2	6,8	7,1
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	262.696	274.462	11.766	4,5	2,3	2,4
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	5.611	6.647	1.036	18,5	-	0,1
4 Producción de bens públicos de carácter social	6.422.306	6.638.182	215.875	3,4	56,9	57,5
41 Sanidade	3.782.335	3.897.761	115.426	3,1	33,5	33,8
42 Educación	2.351.577	2.456.529	104.952	4,5	20,8	21,3
43 Cultura	71.990	74.735	2.745	3,8	0,6	0,6
44 Deportes	24.259	25.257	998	4,1	0,2	0,2
45 Vivenda	83.519	72.219	-11.300	-13,5	0,7	0,6
46 Outros servizos comunitarios e sociais	108.627	111.681	3.054	2,8	1,0	1,0
5 Producción de bens públicos de carácter económico	911.478	888.653	-22.825	-2,5	8,1	7,7
51 Infraestruturas	353.802	297.326	-56.476	-16,0	3,1	2,6
52 Ordenación do territorio	15.780	15.666	-114	-0,7	0,1	0,1
54 Actuacións ambientais	118.865	132.886	14.021	11,8	1,1	1,2
55 Actuacións e valorización do medio rural	144.376	148.219	3.844	2,7	1,3	1,3
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	183.276	197.905	14.629	8,0	1,6	1,7
57 Sociedade da información e do coñecemento	91.109	92.137	1.028	1,1	0,8	0,8
58 Información estatística básica	4.271	4.515	243	5,7	-	-
6 Regulación económica de carácter xeral	88.742	86.191	-2.551	-2,9	0,8	0,7
61 Actuacións económicas xerais	29.875	29.954	79	0,3	0,3	0,3
62 Actividades financeiras	58.867	56.238	-2.629	-4,5	0,5	0,5
7 Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	698.635	712.039	13.404	1,9	6,2	6,2
71 Dinamización económica do medio rural	318.257	338.499	20.242	6,4	2,8	2,9
72 Pesca	102.836	108.731	5.896	5,7	0,9	0,9
73 Industria, enerxía e minaría	52.539	58.343	5.805	11,0	0,5	0,5
74 Desenvolvemento empresarial	148.224	130.022	-18.201	-12,3	1,3	1,1
75 Comercio	15.835	15.887	52	0,3	0,1	0,1
76 Turismo	60.945	60.556	-389	-0,6	0,5	0,5
8 Transferencias a entidades locais	133.690	140.887	7.197	5,4	1,2	1,2
81 Transferencias a entidades locais	133.690	140.887	7.197	5,4	1,2	1,2
9 Débeda pública	1.675.916	1.642.102	-33.814	-2,0	14,8	14,2
91 Débeda pública	1.675.916	1.642.102	-33.814	-2,0	14,8	14,2
Total	11.291.175	11.541.191	250.016	2,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Na función 51 “ Infraestruturas”, compre realizar unha homoxeneización xa que como consecuencia da asunción pola Xunta da débeda de SPI e Aceousa, experimenta unha minoración respecto de 2019 de 37,1 millóns de euros.

Á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e á Consellería de Sanidade, destínanse nestes orçamentos créditos por importe de 2.447,7 millóns de euros e 3.897,8 millóns de euros, respectivamente, absorbendo o 55% dos créditos da Administración xeral. A Consellería de Política Social, con 775,8 millóns de euros absorbe o 6,7% do total do orçamento, a de Economía, Emprego e Industria, con 560,9 o 4,9% e a Consellería do Medio Rural, con 536,2 millóns de euros absorbe o 4,6%. A Consellería de Sanidade transfire ao Servizo Galego de Saúde a maior parte das súas dotacións, xa que é este último o encargado de xestionar directamente os servizos sanitarios da comunidade autónoma.

Nestes orçamentos, a Débeda Pública con 1.642,1 millóns de euros absorbe o 14,2%, reducíndose un 2% con respecto ao ano anterior.

O Fondo de Continxencia que se dota na Administración Xeral ascende a 1,4 millóns de euros e xunto co previsto no servizo Galego de Saúde, por importe de 31,9 millóns, totalizan o fondo total destes orçamentos, con 33,3 millóns de euros.

Dentro dos créditos destinados á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destacan os correspondentes ao sistema de financiamento das universidades galegas do período 2016-2020, que para o exercicio 2020 prevense por un importe de 434,15 millóns de euros, ademais figuran as dotacións correspondentes aos gastos de funcionamento do INEF e as prazas vinculadas do SERGAS, por importes de 3,06 e 5,77 millóns de euros, respectivamente.

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Seccións	Distribución Orgánica e Económica									Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	
01 Parlamento	10.324	6.549		2.754		644	1	107		20.379
02 Consello de Contas	6.034	1.071		24		508		36		7.673
03 Consello da Cultura Galega	1.702	889		35		132				2.757
04 Presidencia da Xunta de Galicia	10.670	8.580		48.483		7.859	91.131	102.763	526	270.012
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	139.448	43.093	11	70.612		35.139	18.870	40		307.213
06 Consellería de Facenda	20.710	717	3	25.186		2.071	9.800	0		58.487
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	31.000	6.119		28.041		22.210	65.735			153.105
08 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	9.875	51.534	0	22.983		30.079	264.495			378.966
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	58.054	17.605		236.350		10.513	238.365	0		560.887
10 Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional	1.449.798	179.230	41	666.802		67.757	82.439		1.611	2.447.678
11 Consellería de Cultura e Turismo	26.784	4.876	0	36.013		16.545	59.580			143.798
12 Consellería de Sanidade	48.929	2.454		3.672.186		22.536	151.656			3.897.761
13 Consellería de Política Social	134.248	211.366	0	410.163		9.769	10.246			775.792
14 Consellería de Medio Rural	142.005	6.713	0	27.786		91.734	267.959			536.196
15 Consellería do Mar	32.474	3.128		4.439		41.922	84.857			166.821
20 Consello Consultivo de Galicia	1.717	295				101				2.113
21 Transferencias a corporacións locais				135.798						135.798
22 Débeda pública da Comunidade Autónoma			143.000						1.499.102	1.642.102
23 Gastos de diversas consellerías	3.910	21.102	29	5.264	1.400	1.948				33.653
Total	2.127.678	565.323	143.084	5.392.920	1.400	361.466	1.345.134	102.946	1.501.239	11.541.191

(Miles de Euros)

II.2.1. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Orgánica						
Seccións	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
01 Parlamento	9.980	10.324	343	3,4	0,5	0,5
02 Consello de Contas	5.696	6.034	338	5,9	0,3	0,3
03 Consello da Cultura Galega	1.643	1.702	58	3,5	0,1	0,1
04 Presidencia da Xunta de Galicia	9.711	10.670	958	9,9	0,5	0,5
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	134.233	139.448	5.215	3,9	6,5	6,6
06 Consellería de Facenda	19.764	20.710	945	4,8	1,0	1,0
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	29.132	31.000	1.868	6,4	1,4	1,5
08 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	9.454	9.875	420	4,4	0,5	0,5
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	55.505	58.054	2.549	4,6	2,7	2,7
10 Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional	1.404.299	1.449.798	45.499	3,2	68,5	68,1
11 Consellería de Cultura e Turismo	25.338	26.784	1.446	5,7	1,2	1,3
12 Consellería de Sanidade	46.837	48.929	2.091	4,5	2,3	2,3
13 Consellería de Política Social	130.248	134.248	4.000	3,1	6,4	6,3
14 Consellería de Medio Rural	132.923	142.005	9.081	6,8	6,5	6,7
15 Consellería do Mar	31.268	32.474	1.206	3,9	1,5	1,5
20 Consello Consultivo de Galicia	1.721	1.717	-4	-0,2	0,1	0,1
23 Gastos de diversas consellarías	3.397	3.910	513	15,1	0,2	0,2
Total	2.051.151	2.127.678	76.527	3,7	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Os créditos destinados ao pago das retribucións e das cotas sociais dos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma no ano 2020 incrementáanse nun 3,7% respecto ao ano anterior, acadando o total do capítulo I da administración xeral 2.127,7 millóns de euros.

Este incremento deriva da dotación dun fondo retributivo que permita asumir o incremento derivado da aplicación do II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, no momento en que se habilite pola normativa básica estatal a súa aplicación.

Así mesmo, prodúcese un incremento derivado da creación de prazas e da sinatura do Acordo de concertación do emprego público de Galicia. Así como da aplicación dos Acordos asinados en anos anteriores para a mellora das condicións retributivas do persoal ao servizo da administración de Xustiza, do persoal docente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e dos axentes forestais e medioambientais, e da recuperación da carreira

profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Económica						
Artigos	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
10 Altos cargos e delegados	7.733	7.857	124	1,6	0,4	0,4
11 Persoal eventual de gabinete	6.346	6.667	321	5,1	0,3	0,3
12 Funcionarios	1.533.817	1.592.947	59.130	3,9	74,8	74,9
13 Laborais	264.217	274.691	10.474	4,0	12,9	12,9
14 Outro persoal	214	219	5	2,5	-	-
15 Incentivos ao rendemento	3.776	4.283	507	13,4	0,2	0,2
16 Cotas, prest. e gastos soc. a cargo empregador	187.602	195.308	7.706	4,1	9,1	9,2
18 Fondo retributivo	47.446	45.706	-1.739	-3,7	2,3	2,1
Total	2.051.151	2.127.678	76.527	3,7	100,0	100,0

(Miles de Euros)

O incremento no gasto de persoal dos altos cargos e delegados deriva por unha parte da consolidación do incremento retributivo aplicado ao persoal ao servizo do sector público no ano 2019 e pola creación dunha nova dirección xeral na Consellería do Medio Rural.

Así mesmo, o incremento no gasto de persoal eventual de gabinete deriva por unha parte da consolidación do incremento retributivo aplicado ao persoal ao servizo do sector público no ano 2019 e a ampliación transitoria deste gasto na Consellería de Cultura e Turismo por mor dos preparativos do Xacobeo 2021.

Debido á aplicación do Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario das escalas de axentes forestais, axentes facultativos medio-ambientais e dos que accedan á escala de axentes técnicos en xestión-ambiental incrementase nun 13,4% o gasto de incentivos ao rendemento.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Funcional						
Funcións	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	23.298	24.170	873	3,7	1,1	1,1
12 Administración xeral	31.090	32.296	1.206	3,9	1,5	1,5
13 Xustiza	98.240	102.021	3.782	3,8	4,8	4,8
14 Administración local	848	903	55	6,5	-	-
15 Normalización lingüística	2.112	2.193	81	3,8	0,1	0,1
21 Protección civil e seguridade	4.465	4.619	154	3,4	0,2	0,2
31 Acción social e promoción social	134.210	138.984	4.774	3,6	6,5	6,5
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	41.127	42.819	1.693	4,1	2,0	2,0
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	502	528	26	5,2	-	-
41 Sanidade	46.837	48.929	2.091	4,5	2,3	2,3
42 Educación	1.410.598	1.456.385	45.787	3,2	68,8	68,4
43 Cultura	23.226	24.591	1.365	5,9	1,1	1,2
44 Deportes	3.449	3.571	122	3,5	0,2	0,2
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.827	1.886	58	3,2	0,1	0,1
51 Infraestruturas	9.454	9.875	420	4,4	0,5	0,5
52 Ordenación do territorio	3.381	3.142	-239	-7,1	0,2	0,1
54 Actuacións ambientais	35.967	38.433	2.466	6,9	1,8	1,8
55 Actuacións e valorización do medio rural	62.869	67.593	4.724	7,5	3,1	3,2
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	2.902	3.008	106	3,7	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	8.084	8.455	370	4,6	0,4	0,4
62 Actividades financeiras	10.381	11.328	947	9,1	0,5	0,5
71 Dinamización económica do medio rural	70.054	74.411	4.357	6,2	3,4	3,5
72 Pesca	11.852	12.304	453	3,8	0,6	0,6
73 Industria, enerxía e minaría	13.207	14.011	804	6,1	0,6	0,7
75 Comercio	1.171	1.223	52	4,4	0,1	0,1
Total	2.051.151	2.127.678	76.527	3,7	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Polo que atinxe a súa distribución económica e funcional, sinalar que o peso do gasto do persoal funcionario e do persoal laboral representa o 87,8% do total e que case o 70% corresponde a función Educación.

CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Os gastos deste capítulo acadan en 2020 os 565,3 millóns de euros, o que representa un incremento do 4,5% respecto ao exercicio anterior.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Orgánica						
Seccións	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
01 Parlamento	6.335	6.549	214	3,4	1,2	1,2
02 Consello de Contas	1.091	1.071	-19	-1,8	0,2	0,2
03 Consello da Cultura Galega	893	889	-4	-0,5	0,2	0,2
04 Presidencia da Xunta de Galicia	8.640	8.580	-60	-0,7	1,6	1,5
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	36.640	43.093	6.453	17,6	6,8	7,6
06 Consellería de Facenda	717	717	0	-	0,1	0,1
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	6.030	6.119	89	1,5	1,1	1,1
08 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	20.539	51.534	30.995	150,9	3,8	9,1
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	17.473	17.605	132	0,8	3,2	3,1
10 Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional	203.985	179.230	-24.755	-12,1	37,7	31,7
11 Consellería de Cultura e Turismo	4.775	4.876	101	2,1	0,9	0,9
12 Consellería de Sanidade	1.935	2.454	520	26,9	0,4	0,4
13 Consellería de Política Social	202.093	211.366	9.273	4,6	37,4	37,4
14 Consellería de Medio Rural	6.713	6.713	0	-	1,2	1,2
15 Consellería do Mar	2.912	3.128	216	7,4	0,5	0,6
20 Consello Consultivo de Galicia	295	295	0	-	0,1	0,1
23 Gastos de diversas consellarías	19.658	21.102	1.444	7,3	3,6	3,7
Total	540.724	565.323	24.599	4,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

As principais modificacións respecto do exercicio anterior concréntanse como segue:

Na Consellería Infraestruturas e Vivenda incrementa os gastos correntes e servizos en 31 millóns de euros, como consecuencia do acordo de integración dos contratos de transporte escolar entre as consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e a de Infraestruturas e Mobilidade, no que a Dirección Xeral de Mobilidade asume as competencias, como órgano de contratación, dos contratos de transporte escolar. Como consecuencia deste acordo a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, traspasa con carácter conso- lidable, o importe de 29,09 €, á de Infraestruturas e Mobilidade.

Tal como se indica no parágrafo anterior, na Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional prodúcese unha minoración de 29,09 millóns de euros, derivado do anterior acordo, o que implica que en realidade a minoración de 24,8 millóns que se produce no orzamento, non é real senón que hai un incremento de 4,29 millóns de euros.

Na Consellería de Política Social os gastos en bens correntes e servizos increméntanse en 9,3 millóns de euros, derivado fundamentalmente da dotación de novas prazas en centros de maiores, ao funcionamento dos centros e a creación de centros de menores.

Debe terse en conta que este capítulo engloba tanto os créditos correspondentes aos gastos de funcionamento dos servizos puramente administrativos, como os correspondentes aos servizos sociais e educativos.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza se realiza unha dotación de 5,66 €, para atender os gastos correntes derivados das eleccións xerais da Comunidade Autónoma a celebrar en 2020.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Económica						
Artigos	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
20 Alugamentos e canons	5.457	5.819	362	6,6	1,0	1,0
21 Reparacións, mantemento e conservación	11.793	12.142	349	3,0	2,2	2,1
22 Material, subministracións e outros	515.060	538.248	23.188	4,5	95,3	95,2
23 Indemnizacións por razóns do servizo	8.354	9.054	700	8,4	1,5	1,6
27 Publicacións	60	60	0	-	-	-
Total	540.724	565.323	24.599	4,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

No total do capítulo II, a Consellería de Política Social representa o 37,4%, a de Educación, Universidade e Formación Profesional o 31,7%, a Consellería Infraestruturas e Vivenda o 9,1%, e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o 7,6%, á que compete atender os gastos comúns correspondentes ao mantemento, limpeza e seguridade dos servizos administrativos das distintas consellerías, sendo polo tanto o peso das demais seccións o 14,2%.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Funcional						
Funcións	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	9.765	9.955	190	1,9	1,8	1,8
12 Administración xeral	20.721	21.315	594	2,9	3,8	3,8
13 Xustiza	13.597	14.261	664	4,9	2,5	2,5
14 Administración local	105	111	6	6,1	-	-
15 Normalización lingüística	122	134	12	10,0	-	-
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	0	5.661	5.661	-	-	1,0
21 Protección civil e seguridade	1.130	1.130	0	-	0,2	0,2
31 Acción social e promoción social	206.029	215.003	8.974	4,4	38,1	38,0
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	16.858	16.990	132	0,8	3,1	3,0
41 Sanidade	1.935	2.454	520	26,9	0,4	0,4
42 Educación	209.190	230.610	21.420	10,2	38,7	40,8
43 Cultura	4.653	4.742	89	1,9	0,9	0,8
44 Deportes	4.116	4.406	290	7,0	0,8	0,8
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.087	1.087	0	-	0,2	0,2
51 Infraestruturas	16.292	1.113	-15.179	-93,2	3,0	0,2
52 Ordenación do territorio	37	37	0	-	-	-
54 Actuacións ambientais	6.193	6.333	139	2,2	1,1	1,1
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	444	513	69	15,5	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	707	707	0	-	0,1	0,1
62 Actividades financeiras	18.581	19.502	922	5,0	3,4	3,4
71 Dinamización económica do medio rural	6.713	6.713	0	-	1,2	1,2
72 Pesca	1.310	1.406	96	7,3	0,2	0,2
73 Industria, enerxía e minaría	1.139	1.139	0	-	0,2	0,2
Total	540.724	565.323	24.599	4,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Como pode observarse na distribución funcional do gasto, destacan igualmente a función 42, Educación, cun 40,8% do total e a 31, Acción social e promoción social, co 38,0%.

CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS

Neste exercicio 2020, os gastos financeiros ascenden a 143 millóns de euros, o que supón unha redución do 13,3% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Orgánica						
Seccións	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	16	11	-5	-31,8	-	-
06 Consellería de Facenda	3	3	0	-	-	-
08 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	0	0	0	-	-	-
10 Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional	47	41	-6	-13,7	-	-
11 Consellería de Cultura e Turismo	0	0	0	-	-	-
13 Consellería de Política Social	0	0	0	-	-	-
14 Consellería de Medio Rural	1	0	-1	-100,0	-	-
22 Débeda pública da Comunidade Autónoma	165.000	143.000	-22.000	-13,3	99,9	99,9
23 Gastos de diversas consellarías	32	29	-3	-7,9	-	-
Total	165.099	143.084	-22.015	-13,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Económica						
Artigos	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
30 Débeda pública e préstamos	162.047	142.041	-20.006	-12,3	98,2	99,3
31 Gastos emis, form, mod, e cancel. de déb. públ. e prést.	3.000	1.000	-2.000	-66,7	1,8	0,7
35 Xuros de demora e outros gastos financeiros	52	43	-9	-16,8	-	-
Total	165.099	143.084	-22.015	-13,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Funcional						
Funcións	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	9	11	2	20,9	-	-
12 Administración xeral	6	0	-6	-97,9	-	-
15 Normalización lingüística	0	0	0	-	-	-
21 Protección civil e seguridade	1	0	-1	-100,0	-	-
31 Acción social e promoción social	0	0	0	-	-	-
42 Educación	47	41	-6	-13,7	-	-
43 Cultura	0	0	0	-	-	-
51 Infraestruturas	0	0	0	-	-	-
62 Actividades financeiras	35	32	-3	-7,2	-	-
71 Dinamización económica do medio rural	1	0	-1	-100,0	-	-
91 Débeda pública	165.000	143.000	-22.000	-13,3	99,9	99,9
Total	165.099	143.084	-22.015	-13,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

As transferencias correntes engloban os fondos, condicionados ou non, que se satisfarán sen que se produza unha contrapartida directa por parte dos axentes receptores, destinados á atención de gastos de natureza corrente.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Orgánica							
Seccións	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo		
			Importe	%	2019	2020	
01 Parlamento	2.607	2.754	147	5,6	0,1	0,1	
02 Consello de Contas	24	24	0	-	-	-	
03 Consello da Cultura Galega	43	35	-8	-18,6	-	-	
04 Presidencia da Xunta de Galicia	47.297	48.483	1.186	2,5	0,9	0,9	
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	65.718	70.612	4.895	7,4	1,3	1,3	
06 Consellería de Facenda	24.392	25.186	793	3,3	0,5	0,5	
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	24.790	28.041	3.251	13,1	0,5	0,5	
08 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	21.136	22.983	1.847	8,7	0,4	0,4	
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	229.530	236.350	6.820	3,0	4,4	4,4	
10 Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional	646.356	666.802	20.446	3,2	12,4	12,4	
11 Consellería de Cultura e Turismo	34.919	36.013	1.094	3,1	0,7	0,7	
12 Consellería de Sanidade	3.573.878	3.672.186	98.308	2,8	68,5	68,1	
13 Consellería de Política Social	378.598	410.163	31.565	8,3	7,3	7,6	
14 Consellería de Medio Rural	27.132	27.786	654	2,4	0,5	0,5	
15 Consellería do Mar	3.844	4.439	595	15,5	0,1	0,1	
21 Transferencias a corporacións locais	128.744	135.798	7.054	5,5	2,5	2,5	
23 Gastos de diversas consellarías	5.159	5.264	105	2,0	0,1	0,1	
Total	5.214.167	5.392.920	178.753	3,4	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

As transferencias correntes constitúen o capítulo co volume máis importe do orzamento da Administración Xeral, representando o 46,7% dos créditos totais e alcanzando os 5.392,9 millóns de euros. Incrementáanse nun 3,4% respecto aos previstos no orzamento de 2019.

Segundo o destino, o sector público autonómico absorbe o 79,9% dos créditos de transferencias correntes, as corporacións locais o 5,7% e o sector privado, formado polas empresas e as familias e institucións sen ánimo de lucro, recibe o 14,2%.

O Servizo Galego de Saúde é o maior destinatario das transferencias do capítulo IV, xa que recibe a través da Consellería de Sanidade 3.668,3 millóns de euros, sendo o peso da Consellería neste capítulo dun 68,1% do total.

Dentro do Servizo Galego de Saúde destacan os incrementos derivados do novo con-trato de transporte do 061, que implica un incremento de 11 millóns de euros, e o incre-mento retri-butivo do seu persoal, por un importe de 2,4 millóns de euros

Un segundo bloque en importancia cuantitativa pode considerarse o formado polas trans-ferencias da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, cun importe de 648,83 millóns de euros destinados a subvencionar a gratuidade do ensino e ao financiamento das universidades de Galicia.

Na Consellería de Política Social prodúcese un incremento de 31,6 millóns de euros. Desta-can as transferencias a concellos, para incrementar o número de prazas de centros de maiores, e a transferencia ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de 2,5 millóns de euros para atender aos incrementos retributivos derivados da integración do persoal no V convenio colectivo da Xunta e os incrementos previstos para o persoal da Administración Autonómica, así como as axudas ás garderías privadas pola gratuidade do 2º fillo e sucesivos, nun importe ampliable de 6.000.000 €, e os programas de dependencia e maiores que se incrementan en 13,4 millón de euros.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Económica						
Artigos	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
40 Á Administración xeral e organismos públicos do Estado	4.013	4.102	89	2,2	0,1	0,1
43 A OO.AA., Ent. Públ. Instr. Cons. ou Ases. e Axencias Públ. Da C.A.	3.757.506	3.865.030	107.524	2,9	72,1	71,7
44 A sociedades públicas e outros entes públicos da C.A.	432.490	444.276	11.786	2,7	8,3	8,2
46 A corporacións locais	294.101	309.563	15.462	5,3	5,6	5,7
47 A empresas privadas	114.134	123.795	9.662	8,5	2,2	2,3
48 A familias e institucións sen fins de lucro	608.402	641.233	32.831	5,4	11,7	11,9
49 Ao exterior	3.522	4.921	1.399	39,7	0,1	0,1
Total	5.214.167	5.392.920	178.753	3,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Na sección 21, Transferencias a corporacións locais, recóllese a achega da comunidade para o financiamento das entidades locais, a través do Fondo de Cooperación Local, como instrumen-to de participación específico daquelas nos tributos da comunidade autónoma.

No texto articulado do proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020establécese que, consonte ao indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación

líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizados como se indica no parágrafo seguinte, queda establecida no 2,3200880 por cento para o exercicio de 2020.

O índice de evolución correspondente á recadación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos estatais do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado no exercicio 2019, é positivo con respecto á de 2011, que é utilizada na determinación da porcentaxe de participación sinalada.

En consecuencia, no ano 2020 repartirase un fondo adicional entre os concellos, e a porcentaxe de participación desagregase da forma seguinte:

- a) Un 2,0720517 por cento corresponde ao fondo base.
- b) Un 0,2480363 por cento corresponde ao fondo adicional.

Respecto á repartición, dispónse que con anterioridade ao reparto do Fondo Base deducirase un importe de 600.000 euros anuais, que se destinarán aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias. A cantidade restante será obxecto de distribución entre todos os concellos de Galicia, conforme os coeficientes que se establecen no anexo VI do proxecto de lei.

Respecto ao Fondo Adicional, conforme ao acordo alcanzado Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local, con anterioridade á repartición do fondo adicional deducirase un importe de 278.485 euros, que se destinará á Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxecto de actualizar as dotacións financiadoras dos seus gastos de funcionamento. O resto da dotación deste fondo repartirase en función dos seguintes criterios:

- 145.000 euros aos concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal.
- 2.300.000 euros aos concellos de menos de cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade.
- 1.000.000 euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos custos de mantemento dos conservatorios de grao medio.
- 1.800.000 euros aos concellos resultantes dun proceso de fusión, en cumprimento do sinalado no artigo 13.Un, alíneas a) e f), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia. A repartición deste importe realizarase nas condicións que estableza a consellaría competente en materia de Administración local.
- 1.500.000 euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal.

- 2.500.000 euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios.
- 1.500.000 euros aos concellos integrados no plan de retirada sistemática de niños de vespa velutina.
- 1.000.000 euros aos concellos integrados no plan de actuacións para a cobertura de telefonía móbil no ámbito rural.
- 1.500.000 euros aos concellos que subscriban accións da sociedade mercantil pública autonómica para a xestión integral do ciclo da auga que se cree por lei.

Mediante un acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local determinaranse tanto as variables que se van utilizar na repartición de cada un dos bloques sinalados neste punto como os módulos unitarios que se van considerar en relación con cada unha desas variables, e sinalarse a contía que corresponde a cada concello polo fondo adicional de 2020.

das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos; o impulso do desenvolvemento da sociedade da información en Galicia; a planificación e proposta da normativa en materia de tecnoloxías da información e as telecomunicacións; o impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica; a consolidación e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia e a planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

As actuacións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia enmarcaranse nas liñas estratéxicas que se recollen na Axenda Dixital de Galicia 2020, aprobada no Consello da Xunta o 30 de abril de 2015.

Esas liñas estratéxicas son as seguintes:

- a) Valorización da administración: avanzando cara a unha Administración dixital innovadora que aprende e conectase á realidade da sociedade para responder e adiantarse ás necesidades e expectativas da cidadanía e as empresas.
- b) Énfase na Vida Dixital: aproveitando o potencial das TIC para converter a Galicia nun lugar de progreso social avanzado e onde as persoas poidan levar unha vida autónoma e participar activamente na sociedade.
- c) Aceleración da Economía Dixital: promovendo o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na comunidade.
- d) Estímulo ao Crecemento do Sector TIC: impulsando a innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital que contribúan a posicionar ao sector tecnolóxico coma un dos sectores de referencia de Galicia.
- e) Articulación Dixital do Territorio: favorecendo non só a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible, senón tamén para coñecer información que permita, en caso de ser necesario, actuar de xeito intelixente.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan de Administración e Goberno Dixital: Horizonte2020; o Plan Director de Seguridade TIC; o Plan de Banda Larga 2020 para o despregamento da banda larga ultrarrápida en Galicia; o II Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de xustiza en Galicia: Senda2020; o Plan SmartTurismo; o proxecto para a difusión do patrimonio cultural de Galicia Memoria Dixital de Galicia; a estratexia de Educación Dixital Innovadora: Proxecto Abalar; o Plan de Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais de Galicia: Plan Trabe, o programa de innovación no sector primario: Programa Primare; o Plan de Modernización Tecnolóxica do Transporte e-Mobility; o Plan Tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente; o Plan de Inclusión Dixital, o Plan de Talento

Dixital (Digitalent), o Programa TransformaTIC, o Pacto Dixital de Galicia, o Plan de Acción para o impulso dos contidos dixitais en Galicia (DICOMindset) e o Plan Galicia 5G.

Orzamento de ingresos. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
III Taxas, prezos e outros ingresos	110	70	-40	-36,4	0,1	0,1	
IV Transferencias correntes	26.699	26.970	270	1,0	24,0	23,3	
OPERACIÓNS CORRENTES	26.809	27.040	230	0,9	24,1	23,3	
VII Transferencias de capital	84.647	88.873	4.227	5,0	75,9	76,7	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	84.647	88.873	4.227	5,0	75,9	76,7	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	111.456	115.913	4.457	4,0	100,0	100,0	
Total	111.456	115.913	4.457	4,0	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
I Gastos de persoal	12.281	12.773	491	4,0	11,0	11,0	
II Gastos en bens correntes e servizos	13.745	13.484	-261	-1,9	12,3	11,6	
IV Transferencias correntes	783	783	0	-	0,7	0,7	
OPERACIÓNS CORRENTES	26.809	27.040	230	0,9	24,1	23,3	
VI Investimentos reais	65.522	73.984	8.462	12,9	58,8	63,8	
VII Transferencias de capital	9.298	5.079	-4.219	-45,4	8,3	4,4	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	74.819	79.062	4.243	5,7	67,1	68,2	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	101.629	106.102	4.473	4,4	91,2	91,5	
IX Pasivos financeiros	9.827	9.811	-16	-0,2	8,8	8,5	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	9.827	9.811	-16	-0,2	8,8	8,5	
Total	111.456	115.913	4.457	4,0	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, creou a Axencia Galega de Innovación en virtude da autorización prevista no punto primeiro da disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro, adscribe esta axencia á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, implantando estratexias e programas de innovación eficientes a través dos seguintes obxectivos, sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles:

1. Liderar as políticas de innovación das administracións públicas galegas.
2. Definir e desenvolver as políticas públicas que permitan ás empresas e ao resto de axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir de coñecementos que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento.
3. Definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia.
4. Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia en resultados do Sistema Galego de Innovación, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
5. Estimular a estruturación e consolidación do Sistema Galego de I+D+i.
6. Fomentar a investigación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega.
7. Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de investigación aberta.
8. Promover a progresiva internacionalización dos axentes e das iniciativas de innovación impulsando a presenza de empresas nos programas europeos de innovación e o acceso a fondos de financiamento internacionais.
9. Definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.
10. Coordinar os recursos autonómicos no ámbito da I+D+i e concertalos cos que se acheguen desde contribucións de plans estatais e fondos da Unión Europea.
11. Favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes e, particularmente, entre os organismos públicos de investigación e as empresas.
12. Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola investigación, o desenvolvemento e a innovación.

En virtude do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega de Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, o CIS-Madeira – Centro de Innovación e Servizos

Tecnolóxicos da Madeira de Galicia integrouse na dita Axencia, manténdose adscrito a GAIN a CIS-Ferrol Centro de Innovación e Servizos de Deseño e Tecnoloxía.

O Decreto 85/2019, do 4 de xullo, modifica a estrutura organizativa da Axencia Galega de Innovación que queda definida en catro áreas e un departamento dependentes directa-mente da dirección da Axencia.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Innovación

Distribución económica						
		Variación 2020/2019		Valor Relativo		
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020
III Taxas, prezos e outros ingresos	80	109	29	36,2	0,1	0,1
IV Transferencias correntes	10.018	11.237	1.219	12,2	10,4	11,1
V Ingresos patrimoniais	3	3	0	6,7	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	10.101	11.349	1.248	12,4	10,5	11,2
VII Transferencias de capital	86.410	90.091	3.681	4,3	89,5	88,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL	86.410	90.091	3.681	4,3	89,5	88,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	96.511	101.440	4.929	5,1	100,0	100,0
Total	96.511	101.440	4.929	5,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Innovación

Distribución económica						
		Variación 2020/2019		Valor Relativo		
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020
I Gastos de persoal	4.356	4.732	375	8,6	4,5	4,7
II Gastos en bens correntes e servizos	479	479	0	-	0,5	0,5
III Gastos financeiros	126	123	-3	-2,2	0,1	0,1
IV Transferencias correntes	5.141	6.016	875	17,0	5,3	5,9
OPERACIÓNS CORRENTES	10.101	11.349	1.248	12,4	10,5	11,2
VI Inversións reais	20.759	20.242	-517	-2,5	21,5	20,0
VII Transferencias de capital	59.463	63.025	3.561	6,0	61,6	62,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	80.222	83.267	3.044	3,8	83,1	82,1
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	90.324	94.616	4.292	4,8	93,6	93,3
VIII Activos financeiros	1.700	2.334	634	37,3	1,8	2,3
IX Pasivos financeiros	4.488	4.490	3	0,1	4,6	4,4
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	6.188	6.824	637	10,3	6,4	6,7
Total	96.511	101.440	4.929	5,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

Foi creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e compe-

tencias que lle atribúe a citada lei. Ten por obxecto a aplicación de todos os tributos propios, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos, como instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

O Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda adscribe á dita consellería a axencia.

Entre as funcións da Axencia Tributaria de Galicia están as seguintes:

1. Aplicar e exercer a potestade sancionadora nos tributos propios da Comunidade autónoma de Galicia.
2. Aplicar e exercer a potestade sancionadora nos tributos estatais cedidos á Comunidade autónoma de Galicia, de acordo co disposto na normativa reguladora do financiamento autonómico.
3. Aplicar e exercer a potestade sancionadora nas recargas que se establezan sobre os tributos estatais.
4. Aplicar e exercer a potestade sancionadora noutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que puidese asumir por delegación ou encomenda.
5. Recadar os ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.
6. Revisar en vía administrativa os actos realizados no exercicio das funcións anteriores. Exceptúanse as reclamacións económico administrativas, a revisión dos actos nulos de pleno dereito e daqueles outros cuxa revisión se atribúa por lei específica a outros órganos.
7. Coordinarse e colaborar coas demais administracións tributarias, e en particular participar nos órganos de goberno da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, no seu caso, nos das entidades que se creen en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.

Orçamento de ingresos. Axencia Tributaria de Galicia

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
III Taxas, prezos e outros ingresos	837	917	80	9,6	5,6	5,9	
IV Transferencias correntes	13.841	14.347	506	3,7	93,4	92,8	
V Ingresos patrimoniais	0	0	0	100,0	-	-	
OPERACIÓNS CORRENTES	14.677	15.264	587	4,0	99,1	98,7	
VII Transferencias de capital	137	202	65	47,4	0,9	1,3	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	137	202	65	47,4	0,9	1,3	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	14.814	15.466	652	4,4	100,0	100,0	
Total	14.814	15.466	652	4,4	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Tributaria de Galicia

Distribución económica							
Capítulos		2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
				Importe	%	2019	2020
I	Gastos de persoal	12.511	13.098	587	4,7	84,5	84,7
II	Gastos en bens correntes e servizos	2.166	2.166	0	-	14,6	14,0
OPERACIÓNS CORRENTES		14.677	15.264	587	4,0	99,1	98,7
VI	Investimentos reais	137	202	65	47,4	0,9	1,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL		137	202	65	47,4	0,9	1,3
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		14.814	15.466	652	4,4	100,0	100,0
Total		14.814	15.466	652	4,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

De acordo co previsto no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade, e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Os seus obxectivos básicos consisten no desenvolvemento do turismo na comunidade autónoma baixo os principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade e seguindo parámetros de eficiencia e eficacia; na potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico; no fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial; no impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico; na mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional; na diversificación da oferta turística de Galicia coa consolidación dos produtos clave para competir no ámbito turístico nacional e internacional e a creación de novos produtos que permitan desestacionalizar a demanda turística e na promoción da imaxe marca-país de Galicia.

As actuacións da Axencia de Turismo de Galicia no ano 2020 centraranse na execución da "Estratexia 2020 de Turismo de Galicia" aprobada no ano 2017 polo Consello da Xunta de Galicia. Este Plan Estratéxico nace da necesidade de mellora da competitividade do noso turismo, o cal pretende situarse como sector clave da economía galega, sendo precisa a colaboración dos campos público e privado para o seu impulso, coordinación, xestión, promoción, ordenación, innovación e internacionalización.

O Plan Estratéxico plasma o marco de traballo en materia turística para o período 2017-2020, tendo en conta as necesidades dos axentes de distintos ámbitos da cadea de valor do sector turístico galego.

Así mesmo, será obxectivo da Axencia de Turismo como órgano encargado da organización e execución da programación do Xacobeo 2021, o desenvolvemento do plan Estratéxico do Xacobeo 2021, en colaboración cos outros órganos da Consellería de Cultura e Turismo.

Orzamento de ingresos. Axencia de Turismo de Galicia

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
III Taxas, prezos e outros ingresos	3.140	3.165	25	0,8	4,9	4,3	
IV Transferencias correntes	19.505	20.202	697	3,6	30,4	27,4	
V Ingresos patrimoniais	100	100	0	0,2	0,2	0,1	
OPERACIÓNS CORRENTES	22.745	23.467	723	3,2	35,4	31,8	
VI Alleamento de investimentos reais	0	15	15	-	-	-	
VII Transferencias de capital	41.440	50.354	8.914	21,5	64,6	68,2	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	41.440	50.369	8.929	21,5	64,6	68,2	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	64.184	73.836	9.652	15,0	100,0	100,0	
Total	64.184	73.836	9.652	15,0	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia de Turismo de Galicia

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
I Gastos de persoal	11.301	11.210	-91	-0,8	17,6	15,2	
II Gastos en bens correntes e servizos	5.980	7.092	1.112	18,6	9,3	9,6	
III Gastos financeiros	0	0	0	-	-	-	
IV Transferencias correntes	5.464	5.165	-299	-5,5	8,5	7,0	
OPERACIÓNS CORRENTES	22.745	23.467	723	3,2	35,4	31,8	
VI Investimentos reais	27.414	36.605	9.191	33,5	42,7	49,6	
VII Transferencias de capital	14.026	13.763	-262	-1,9	21,9	18,6	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	41.440	50.369	8.929	21,5	64,6	68,2	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	64.184	73.836	9.652	15,0	100,0	100,0	
VIII Activos financeiros	0	0	0	-	-	-	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0	0	0	-	-	-	
Total	64.184	73.836	9.652	15,0	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

A Axencia Galega de Servizos Sociais, creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo, é unha entidade pública instrumental pertencente ao tipo de axencias públicas autonómicas, de conformidade coa autorización contida no artigo 34.I da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da dita Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Para o cumprimento dos seus fins a Axencia Galega de Servizos Sociais está dotada de personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade

Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, e facultada para exercer as potestades administrativas necesarias para o cumprimento dos seus obxectivos e funcións no ámbito dos programas correspondentes ás políticas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias propias da súa competencia, así como respecto de todas aquelas actividades e funcións que correspondan a ela mesma, agás a potestade expropiatoria.

Á Axencia Galega de Servizos Sociais, como axencia pública autonómica encoméndaselle, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos, a xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais, de acordo co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e no decreto polo que se aproban os seus estatutos.

Figura adscrita á Consellería de Política Social, segundo o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro.

A Axencia exercerá as seguintes funcións:

1. Acadar un aproveitamento óptimo e a racionalización no emprego dos recursos dedicados aos servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na xestión e prestación deles.
2. Velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais.
3. Xestionar equipos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica.
4. Coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmula de coordinación ou cooperación que permita unha utilización óptima e racional.

Segundo o apartado 3 da disposición adicional primeira do Decreto 40/2014, do 20 de marzo, a Axencia Galega de Servizos Sociais asumiu, desde a súa posta en funcionamento, as competencias atribuídas en materia de xestión de escolas infantís á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (antiga Dirección Xeral de Familia e Inclusión), subrogándose en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias; sendo na actualidade a única competencia que desenvolve.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Servizos Sociais

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
III Taxas, prezos e outros ingresos	1.315	315	-1.000	-76,0	9,8	2,3	
IV Transferencias correntes	11.666	13.153	1.487	12,7	86,9	96,8	
OPERACIÓNS CORRENTES	12.981	13.468	487	3,7	96,6	99,2	
VII Transferencias de capital	450	113	-337	-74,9	3,4	0,8	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	450	113	-337	-74,9	3,4	0,8	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	13.431	13.581	150	1,1	100,0	100,0	
Total	13.431	13.581	150	1,1	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Servizos Sociais

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
I Gastos de persoal	10.984	11.271	287	2,6	81,8	83,0	
II Gastos en bens correntes e servizos	1.997	2.197	200	10,0	14,9	16,2	
OPERACIÓNS CORRENTES	12.981	13.468	487	3,7	96,6	99,2	
VI Investimentos reais	450	113	-337	-74,9	3,4	0,8	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	450	113	-337	-74,9	3,4	0,8	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	13.431	13.581	150	1,1	100,0	100,0	
Total	13.431	13.581	150	1,1	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

Creada en virtude do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, ten como fins xerais e obxectivos básicos realizar a xestión da formación no Sistema público de Saúde de Galicia, o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

O Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, establece que a axencia asume as competencias e medios persoais e materiais que lle correspondían á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria, que se extingue, as que lle correspondían ao Servizo de Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias da dirección xeral competente, que queda suprimido, e as que lle correspondían á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e á Subdirec-

ción Xeral de Investigación, Docencia e Innovación. A axencia subrógase en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das competencias dos citados órganos, unidades e entidades.

As liñas de acción para o ano 2020 son:

1. Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado. Facilitar a obtención da acreditación "Human Resources Excellence in Research" nos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia.
2. Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación. Potenciar a Rede de biobancos do Servizo Galego de Saúde.
3. Promover o acceso dos pacientes á participación en ensaios clínicos, garantindo a equidade no noso sistema e potenciando a realización de ensaios clínicos.
4. Difundir a toda a sociedade a actividade investigadora desenvolvida no ámbito sanitario e accións de difusión que permitan visibilizar a investigación feita en Galicia.
5. Promover a valorización, a protección e a transferencia dos resultados da investigación Continuar co programa de apoio á valorización PRIS3.
6. Análise das necesidades formativas dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia.
7. Execución do Plan AFEDAP (Acordo de Formación de Emprego do Persoal das Administracións Públicas).
8. Execución do plan PEF (Plan estratéxico de Formación).
9. Incorporación de novas tecnoloxías de realidade virtual e realidade aumentada para a formación e adestramento dos profesionais.
10. Construción dunha nova plataforma tecnolóxica de xestión do coñecemento no marco do Plan de innovación en saúde código 100.
11. Desenvolvemento do marco legal de ordenación da formación sanitaria especializada.
12. Execución do proxecto de CPI CÓDIGO 100.
13. Coordinación e execución dos proxectos europeos TITTAN, EunetHTA e REGIONS4PERMED.
14. Internacionalización e fomento da cultura innovadora a través da participación en novos proxectos europeos de innovación.
15. Participación do Sistema de Saúde Público de Galicia na rede EUROPEAN INNOVATION PARTNERSHIP on Active and Healthy Ageing (EIPonAHA).
16. Continuar coa dinamización da Plataforma de Innovación sanitaria e a rede de Nodos de Innovación.
17. Posta en marcha do premio á mellor innovación do Sistema Galego de Saúde.
18. Posta en marcha do Living Lab de Ourense.

19. Impulso da investigación, a innovación e a avaliación en saúde mediante o acceso á reutilización e cruce dos datos sanitarios garantindo plenamente a confidencialidade e a ética na utilización dos datos.
20. Avaliación de tecnoloxías sanitarias.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos		2019	2020	Importe	%	2019	2020
IV	Transferencias correntes	2.305	2.256	-49	-2,1	65,7	72,5
V	Ingresos patrimoniais	1	0	-1	-100,0	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		2.306	2.256	-50	-2,2	65,7	72,5
VII	Transferencias de capital	1.204	855	-349	-29,0	34,3	27,5
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.204	855	-349	-29,0	34,3	27,5
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		3.511	3.112	-399	-11,4	100,0	100,0
Total		3.511	3.112	-399	-11,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos		2019	2020	Importe	%	2019	2020
I	Gastos de persoal	1.633	1.586	-47	-2,9	46,5	51,0
II	Gastos en bens correntes e servizos	662	662	0	-	18,9	21,3
IV	Transferencias correntes	12	8	-3	-27,7	0,3	0,3
OPERACIÓNS CORRENTES		2.306	2.256	-50	-2,2	65,7	72,5
VI	Investimentos reais	1.204	855	-349	-29,0	34,3	27,5
VII	Transferencias de capital	0	0	0	-	-	-
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.204	855	-349	-29,0	34,3	27,5
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		3.511	3.112	-399	-11,4	100,0	100,0
Total		3.511	3.112	-399	-11,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico autoriza a creación dunha Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos como axencia pública autonómica adscrita, a través do Servizo Galego de Saúde, á consellería competente en materia de sanidade, que ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas coa doazón e o abastecemento de sangue

e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, e o procesamento e almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas humanas con fins diagnósticos, terapéuticos e de investigación.

O Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, establece que a axencia asume as competencias e medios persoais e materiais que correspondían á Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia e á Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia. A Axencia subrógase en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das competencias citadas, a partir da súa posta en funcionamento.

Os obxectivos funcionais concretos a seguir para o ano 2020 son:

1. Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
2. Coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o procesamento, almacenamento, distribución e implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
3. Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.
4. Coordinar as actuacións de Galicia nos ámbitos da doazón, transfusión, transplante de órganos e tecidos coas comunidades autónomas do Estado español, co Goberno de España e cos organismos internacionais.
5. De conformidade co establecido na Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades de dereito público dependentes dela, poderá ser encomendada intrasubxectivamente a outros órganos da mesma administración ou entidade que o encomendante, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios idóneos para o seu desempeño.

Deste xeito a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos desenvolve para o Servizo Galego de Saúde os seguintes servizos:

6. Servizos Hemoterápicos:
Denomínanse servizos hemoterápicos a subministración dos diferentes compoñentes sanguíneos aos hospitais. Esta denominación como servizo débese a que o sangue non se fabrica nin sofre alteracións na súa composición. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma) obtéñense por procesos de separación e realízanse sobre eles as probas de detección precisas para ser transfundidos.
7. Servizo de probas analíticas:

Dentro deste servizo inclúense determinacións analíticas das áreas de inmunohematoloxía, seroloxía e bioloxía molecular de enfermidades transmisibles e estudos de histocompatibilidade, que sexan solicitados desde o ámbito hospitalario.

8. Servizos de Criopreservación:

Dentro deste servizo atópanse os concentrados de hemacias e plaquetas criopreservadas e os proxenitores hematopoéticos.

9. Servizo de medicamentos derivados do plasma:

É a subministración aos hospitais da rede pública do Sergas, dos medicamentos procedentes do fraccionamento industrial de plasma excedentario.

Así obtéñense albumina, Factor VIII humano, Inmunoglobulina humana inespecífica, Alpha I Antitripsina, medicamentos todos eles de uso habitual nos hospitais.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
III Taxas, prezos e outros ingresos	24.408	25.297	889	3,6	98,2	100,0	
IV Transferencias correntes	365	0	-365	-100,0	1,5	-	
V Ingresos patrimoniais	1	1	0	-	-	-	
OPERACIÓNS CORRENTES	24.774	25.298	524	2,1	99,7	100,0	
VII Transferencias de capital	82	0	-82	-100,0	0,3	-	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	82	0	-82	-100,0	0,3	-	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	24.856	25.298	442	1,8	100,0	100,0	
Total	24.856	25.298	442	1,8	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
I Gastos de persoal	10.112	10.555	442	4,4	40,7	41,7	
II Gastos en bens correntes e servizos	14.062	14.194	132	0,9	56,6	56,1	
OPERACIÓNS CORRENTES	24.174	24.748	574	2,4	97,3	97,8	
VI Investimentos reais	682	550	-132	-19,4	2,7	2,2	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	682	550	-132	-19,4	2,7	2,2	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	24.856	25.298	442	1,8	100,0	100,0	
Total	24.856	25.298	442	1,8	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto (DOG núm. 163 do 19 de agosto de 2017), creou a Axencia Galega da Industria Forestal en virtude da autorización prevista na disposición adicional sexta da Lei da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Por Orde do 16 de xullo de 2018, integrouse o centro de investigación e innovación autonómico CIS-Madeira na Axencia Galega da Industria Forestal (Xera). Deste modo, a axencia asume, os medios persoais e materiais e as competencias do CIS-Madeira.

A Axencia Galega da Industria Forestal ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

A importancia estratéxica do bosque na economía galega explica este esforzo investidor e de innovación, na idea de que tanto a actuación da industria forestal como a súa potenciación pola Axencia asegure a compatibilidade e a sustentabilidade dos diversos usos produtivos do monte. Trátase de lograr unha convivencia saudable e sustentable entre o aproveitamento e industrialización forestal e a conservación dos bosques orixinais, impulsando e promovendo a investigación en biotecnoloxía forestal.

Desde a Axencia Galega da Industria Forestal preténdese revalorizar a competitividade e a innovación das empresas forestais, especialmente na segunda e seguintes fases de transformación do recurso, participando, como interlocutor cualificado, na elaboración dos instrumentos de planificación, e de ordenación e mellora da xestión e aproveitamento dos recursos forestais que regula a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Así mesmo, son tamén competencias da Axencia levar a cabo programas de asesoramento para a industria forestal, promover e coordinar programas de actividades científicas centradas no ámbito forestal, realizar estudos, informes e recomendacións en materia de usos forestais, organizar programas de formación e reciclaxe profesional no ámbito da industria forestal en colaboración con outros entes. Xera asume a coordinación do CIS-Madeira.

Ademais, a Axencia leva a cabo a tramitación e outorgamento de subvencións dirixidas a PEMES e a entidades sen ánimo de lucro no eido da primeira e segunda transformación da madeira e no ámbito da formación, esta última en execución da Estratexia de Formación da Industria Forestal.

Dende Xera deséñanse estratexias e elabóranse programas para captar fondos estatais e internacionais dirixidos á innovación e biotecnoloxía forestal, así como o desenvolvemento dunha marca colectiva única que facilite a integración das diversas actividades produtivas da industria forestal.

O Decreto 81/2017, establece a estrutura da Axencia Galega da Industria Forestal que conta con dous órganos de goberno, un órgano encargado da xestión ordinaria, e dúas unidades orgánicas denominadas áreas.

- Xerencia: correspóndenlle as funcións de xestión e administración dos servizos xerais que darán soporte administrativo ós distintos órganos da Axencia, facilitando todos os procesos administrativos e executando as funcións de carácter administrativo e os procedementos administrativos competencia da Axencia.

- Área de Innovación forestal: correspóndelle o impulso e establecemento de mecanismos de colaboración con centros de investigación públicos nas diferentes materias que o sector da industria traslade a Administración por consideralos do seu interese

- Área de Promoción e Calidade Forestal: correspóndelle o fomento das accións de mellora na xestión e promoción da calidade nas empresas do sector forestal.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega da Industria Forestal

Distribución económica							
Capítulos		2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
				Importe	%	2019	2020
III	Taxas, prezos e outros ingresos	53	10	-43	-81,1	0,4	0,1
IV	Transferencias correntes	2.057	2.091	34	1,7	14,3	14,7
OPERACIÓNS CORRENTES		2.110	2.101	-9	-0,4	14,7	14,7
VII	Transferencias de capital	12.245	12.160	-85	-0,7	85,3	85,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL		12.245	12.160	-85	-0,7	85,3	85,3
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		14.355	14.262	-93	-0,7	100,0	100,0
Total		14.355	14.262	-93	-0,7	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega da Industria Forestal

Distribución económica							
Capítulos		2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
				Importe	%	2019	2020
I	Gastos de persoal	1.037	1.028	-9	-0,8	7,2	7,2
II	Gastos en bens correntes e servizos	373	373	0	-	2,6	2,6
IV	Transferencias correntes	700	700	0	-	4,9	4,9
OPERACIÓNS CORRENTES		2.110	2.101	-9	-0,4	14,7	14,7
VI	Investimentos reais	1.245	1.160	-85	-6,8	8,7	8,1
VII	Transferencias de capital	11.000	11.000	0	-	76,6	77,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		12.245	12.160	-85	-0,7	85,3	85,3
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		14.355	14.262	-93	-0,7	100,0	100,0
Total		14.355	14.262	-93	-0,7	100,0	100,0

(Miles de Euros)



CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

V. CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

Coa plena aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico quedou pechada a estrutura orgánica do sector público autonómico.


Nos orzamentos para o ano 2020 forman parte do orzamento consolidado da comunidade autónoma nove organismos autónomos, dúas entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento que teñen a consideración de organismos autónomos a efectos orzamentarios, e dezasete axencias públicas autonómicas.

Orzamento consolidado

	2020	
	Importe	%
INGRESOS	11.821.575	100,00
<i>Recursos Propios</i>	<i>8.177.097</i>	<i>69,17</i>
Ingresos tributarios	6.441.856	54,49
Ingresos patrimoniais	14.341	0,12
Ingresos por activos e pasivos financeiros	1.720.900	14,56
<i>Recursos Transferidos</i>	<i>3.644.478</i>	<i>30,83</i>
Do Estado	2.925.750	24,75
Da Unión Europea	701.679	5,94
Outros	17.049	0,14
GASTOS	11.821.575	100,00
<i>Xestión Directa</i>	<i>8.648.616</i>	<i>73,16</i>
Gastos de persoal	4.030.697	34,10
Gastos de funcionamento	1.839.724	15,56
Gastos financeiros	143.379	1,21
Gastos en activos e pasivos financeiros	1.672.632	14,15
Investimentos	928.867	7,86
Fondo de continxencia	33.317	0,28
<i>Transferencias ao sector público</i>	<i>1.115.839</i>	<i>9,44</i>
A Corporacións Locais	401.924	3,40
A Sociedades e outros entes públ. da C.A.	699.859	5,92
Outros	14.057	0,12
<i>Transferencias ao sector privado</i>	<i>2.057.120</i>	<i>17,40</i>
Familias e entidades sen ánimo de lucro	1.526.523	12,91
Empresas	530.597	4,49
Total	11.821.575	

(Miles de Euros)

Desta forma, os orzamentos consolidados recollen as contas da administración xeral e de todos as entidades instrumentais que contan cun orzamento limitativo. A supresión das duplicidades que se derivan das transferencias internas realizadas permite apreciar a verdadeira dimensión dos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2020.




Coa elaboración da conta consolidada á que se refire o artigo 51 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, evítase a distorsión que produciría a simple agregación dos estados de gastos e ingresos da administración xeral e do resto de entidades con orzamento limitativo, xa que a maior parte do financiamento destas procede de recursos transferidos dende a Administración xeral, onde xa foi computado a súa vez como ingreso. A consolidación orzamentaria proporciona a visión máis fiel da natureza do gasto da comunidade autónoma así como unha visión global da actividade económico-financeira desta.

A esta conta consolidada, habería que engadir as entidades instrumentais con orzamento estimativo, dada a súa capacidade de xerar ingresos propios a través do sector público empresarial, particularmente activo na realización de investimentos presente unicamente nesta consolidación, a través das transferencias que se autorizan ao seu favor, e que se completa coas actividades que desenvolven as fundacións e os consorcios que forman parte do sector público autonómico.

No ano 2020, despois de deducir 4.779,4 millóns de euros de transferencias internas e gastos por encomendas que se canalizan por medio dos capítulos II, IV e VII de gastos, cara aos

capítulos III, IV e VII de ingresos das entidades que consolidan, a suma de ambos orzamentos, que en termos brutos ascendería a 16.601 millóns de euros, queda reducida a 11.825,6 millóns en termos consolidados para 2020.

Este é, polo tanto, o orzamento total da comunidade autónoma para este exercicio, incrementándose nun 2,4% respecto ao do ano anterior.



V.1. INGRESOS

Os ingresos non financeiros alcanzan os 10.100,7 millóns de euros nestes orçamentos, incrementándose nun 3,5 % respecto aos previstos no ano 2019, aumentando tanto os correntes como os de capital.

Respecto aos correntes, que representan o 93% dos non financeiros, aumentan o seu importe en 315,9 millóns de euros.

As causas fundamentais deste bo comportamento son as que seguen:

Dentro dos tributos xestionados pola Comunidade Autónoma, destaca o incremento experimentado pola recadación prevista do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados que alcanza un importe total de 309,5 millóns de euros.

As transferencias procedentes do Estado, en termos globais, incrementanse en 15,3 millóns de euros debido fundamentalmente ao incremento dos fondos de emprego aumento dos niveis mínimos de dependencia que lle corresponden a Galicia polo aumento de poboación atendida.

Respecto das procedentes da Unión Europea, o importe previsto do Fondo Social Europeo PO 2014-2020 supera 8,3 millóns de euros o do orzamento anterior tendo en conta as certificacións de exercicios anteriores.

Non obstante, o importe total das transferencias correntes redúcense debido a que no orzamento inicial do ano anterior estaban incluídos 198 millóns de euros pola compensación polo sistema de Subministro Inmediato de Información do IVE.

Orçamento consolidado de Ingresos

Distribución económica							
				Variación 2020/2019		Valor Relativo	
Capítulos	2019	2020	Importe	%	2019	2020	
I Impostos directos	2.431.251	2.616.465	185.215	7,6	21,1	22,1	
II Impostos indirectos	3.450.728	3.637.903	187.175	5,4	29,9	30,8	
III Taxas, prezos e outros ingresos	177.517	187.488	9.970	5,6	1,5	1,6	
IV Transferencias correntes	3.008.296	2.942.950	-65.346	-2,2	26,1	24,9	
V Ingresos patrimoniais	8.686	7.586	-1.100	-12,7	0,1	0,1	
OPERACIÓN CORRENTES	9.076.478	9.392.392	315.914	3,5	78,6	79,5	
VI Alleamento de investimentos reais	7.340	6.755	-585	-8,0	0,1	0,1	
VII Transferencias de capital	671.166	701.528	30.362	4,5	5,8	5,9	
OPERACIÓN DE CAPITAL	678.506	708.283	29.777	4,4	5,9	6,0	
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	9.754.984	10.100.675	345.691	3,5	84,5	85,4	
VIII Activos financeiros	20.972	29.194	8.222	39,2	0,2	0,2	
IX Pasivos financeiros	1.768.395	1.691.706	-76.688	-4,3	15,3	14,3	
TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS	1.789.367	1.720.900	-68.467	-3,8	15,5	14,6	
Total	11.544.351	11.821.575	277.224	2,4	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

A previsión de ingresos de capital dos capítulos VI e VII tamén incrementan o seu importe, nun 4,4%, alcanzando os 708,3 millóns de euros.

Aínda que os ingresos por alleamentos de investimentos reais, procedentes do Instituto Galego da Vivenda e Solo, reducen o seu importe, vense compensados polo incremento experimentado polas transferencias de capital.


As procedentes do Estado reducen o seu importe, tanto o do Fondo de Compensación Interterritorial como as finalistas.

As procedentes de fondos europeos, que se articulan en Programas Operativos, a través do FEDER, do FEADER, e FEMP, aumentan todos eles a súa contía respecto aos orzamentos do ano anterior en un importe global de 29,1 millóns de euros.

Neste ano 2020 tamén se incrementan outras transferencias finalistas, 3,9 millóns de euros procedentes de ENCE e, na Axencia de Turismo de Galicia 10 millóns de euros de ingresos polo patrocinio por mor do Xacobeo 2021.

Polo que atinxe aos ingresos financeiros, redúcense nestes orzamentos. En canto, aos activos financeiros aumentan o seu importe debido fundamentalmente ao remanente de tesourería e ao incremento dos reintegro de préstamos concedidos polo Instituto Galego de Promoción Económica.

Distribución do orzamento consolidado de Ingresos por Capítulo



V.2. GASTOS

Orzamento consolidado de gastos

Distribución económica							
Capítulos		2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
				Importe	%	2019	2020
I	Gastos de persoal	3.889.284	4.030.697	141.413	3,6	33,7	34,1
II	Gastos en bens correntes e servizos	1.783.753	1.839.724	55.971	3,1	15,5	15,6
III	Gastos financeiros	165.417	143.379	-22.038	-13,3	1,4	1,2
IV	Transferencias correntes	2.320.419	2.410.611	90.192	3,9	20,1	20,4
OPERACIÓNS CORRENTES		8.158.873	8.424.411	265.538	3,3	70,7	71,3
V	Fondo de continxencia	39.043	33.317	-5.725	-14,7	0,3	0,3
VI	Investimentos reais	911.185	928.867	17.682	1,9	7,9	7,9
VII	Transferencias de capital	740.709	762.348	21.639	2,9	6,4	6,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.651.893	1.691.215	39.321	2,4	14,3	14,3
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		9.849.809	10.148.944	299.134	3,0	85,3	85,9
VIII	Activos financeiros	164.010	153.921	-10.090	-6,2	1,4	1,3
IX	Pasivos financeiros	1.530.532	1.518.711	-11.820	-0,8	13,3	12,8
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.694.542	1.672.632	-21.910	-1,3	14,7	14,1
Total		11.544.351	11.821.575	277.224	2,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Os créditos destinados a operacións correntes ascenden a 8.424,4 millóns de euros o que implica un incremento do 3,3%, respecto do ano 2019.

Por outro lado os créditos destinados a operacións de capital ascenden a 1.691,2 millóns de euros, o que supón un aumento do 2,4% respecto do ano anterior. Destacan os gastos da Consellería do Medio Rural e dos seus organismos dependentes, que en conxunto acadan 359,8 millóns de euros, cunha porcentaxe do total do 21,3%, así como os da Axencia Galega de Infraestruturas cun orzamento de 223,7 millóns de euros e os investimentos do Servizo Galego de Saúde que ascenden a 155,2 millóns de euros, un 9,2% do total.

As dotacións correspondentes a operacións financeiras ascenden a 1.672,6 millóns de euros reducíndose nun 1,3% sobre 2019, sendo a súa compoñente principal a constituída polo servizo da débeda pública. Dentro das atencións financeiras, o capítulo VIII ascende a 153,9 millóns de euros, constituído na súa meirande parte polas achegas patrimoniais á CRTVG que ascenden a 102,8 millóns de euros. Polo que se refire aos pasivos financeiros, que ascenden a 1.518,7 millóns de euros, a súa maior parte está constituída polas operacións de amortización da débeda da Administración Xeral con 1.499,1 millóns de euros. Do resto, a devolución de préstamos reintegrables do IGAPE ascenden a 3,2 millóns de euros e da Axencia Galega de Innovación por importe de 4,5 millóns de euros.

Orzamento consolidado de gastos

Distribución orgánica						
Seccións	2019	2020	Variación 2020/2019		Valor Relativo	
			Importe	%	2019	2020
1 Parlamento	19.805	20.379	574	2,9	0,2	0,2
2 Consello de Contas	7.289	7.673	384	5,3	0,1	0,1
3 Consello da Cultura Galega	2.679	2.757	78	2,9	-	-
4 Presidencia da Xunta de Galicia	258.116	270.012	11.896	4,6	2,2	2,3
5 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	294.321	307.213	12.893	4,4	2,5	2,6
6 Consellería de Facenda	56.681	58.487	1.806	3,2	0,5	0,5
7 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	160.363	153.105	-7.258	-4,5	1,4	1,3
8 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	374.501	378.966	4.465	1,2	3,2	3,2
9 Consellería de Economía, Emprego e Industria	547.371	560.887	13.516	2,5	4,7	4,7
10 Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional	2.391.761	2.447.678	55.918	2,3	20,7	20,7
11 Consellería de Cultura e Turismo	141.013	143.798	2.785	2,0	1,2	1,2
12 Consellería de Sanidade	3.782.335	3.897.761	115.426	3,1	32,8	33,0
13 Consellería de Política Social	731.545	775.792	44.247	6,0	6,3	6,6
A resolución do 7 de xuño de 2019 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 29 de maio da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, establece os formatos que deberán empregar as sociedades mercantís públicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir, presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2020 así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	9.853	450
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	6.882	790
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	1.106	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	1.927	20
Galicia calidade,S.A.	760	
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.578	38
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	5.424	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	17.483	150
Xenética Fontao, S.A.	3.877	372
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	14.240	2.151
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	103.725	19.244
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	32.378	
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	102.901	8.312
Total	302.134	31.528

(Miles de Euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	0	16.820
Galicia calidade,S.A.	400	220
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	628	545
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	3.000	0
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	0	7.750
Xenética Fontao, S.A.	250	0
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	14.058	0
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	88	0
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	12	250
TOTAL	18.436	25.585

(Miles de Euros)



FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.I recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A resolución do 7 de xuño de 2019 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 29 de maio da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas.

Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.333	53
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	7.899	7.904
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	67.212	
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	4.576	168
Fundación Galicia Europa	785	10
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	1.177	5
Fundación Semana Verde de Galicia	2.514	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	708	1
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	2.254	5.217
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	207	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	547	
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.616	257
Instituto Feiral de A Coruña	417	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.461	330
Fundación Pública Galega Rof Codina	1.792	10
Fundación Deporte Galego	3.486	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.164	
Fundación Galega Formación para o Traballo	528	
Fundación Camilo José Cela	291	
Total	103.968	13.964

(Miles de Euros)



DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira, establece o ámbito subxectivo do sector público de acordo ca definición e delimitación do Sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais, entre o que se inclúe ás Comunidades Autónomas; tamén se considera sector público ao resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes daquela. Dentro do ámbito normativo da Comunidade Autónoma está en vigor a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que tamén será de aplicación en todo o que non contraveña o disposto na Lei orgánica.

Respecto aos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da comunidade autónoma, destacan dous grandes agrupacións:

1. Entidades con orzamentos limitativos: a administración xeral, os organismos autónomos, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e as axencias públicas autonómicas.
2. Entidades con orzamentos estimativos: os consorcios autonómicos, as sociedades públicas mercantís, entidades públicas empresariais e fundacións do sector público autonómico.

A continuación, recóllese os estados consolidados do orzamento, tanto de ingresos como de gastos, do sector público autonómico para o ano 2020.

Orzamento de ingresos do sector público autonómico 2020													
Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	ODAA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIÓN PÚBLICA	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTIS	TOTAL	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO
I	2.616.465			2.616.465		2.616.465					2.616.465		2.616.465
II	3.637.903			3.637.903		3.637.903					3.637.903		3.637.903
III	105.225	68.046	36.950	210.220	22.732	187.488	19.500	16.096	79.769	212.962	515.815	14.102	501.713
IV	2.802.204	3.857.196	148.581	6.807.981	3.865.030	2.942.951	85.138	76.591	416	18.505	3.123.602	155.214	2.968.388
V	2.721	4.163	702	7.586		7.586	18	56	15	948	8.624		8.624
Correntes	9.164.518	3.929.405	186.232	13.280.155	3.887.762	9.392.393	104.657	92.744	80.200	232.416	9.902.409	169.316	9.733.093
VI	90	6.650	15	6.755		6.755	0	1.365	0	984	9.104		9.104
VII	682.196	247.126	663.860	1.593.182	891.655	701.527	13.846	5.278	46.085	915	767.650	79.756	687.894
Capital	682.286	253.776	663.875	1.599.937	891.655	708.282	13.846	6.643	46.085	1.899	776.755	79.756	696.998
VIII	2.680	690	25.824	29.194		29.194	0	1	4.000	6.697	39.892	103.203	-63.311
IX	1.691.706			1.691.706		1.691.706	290	2	0	119.223	1.811.222		1.811.222
Financiación	1.694.387	690	25.824	1.720.900	0	1.720.900	290	2	4.000	125.920	1.851.113	103.203	1.747.910
TOTAL	11.541.191	4.183.871	875.931	16.600.993	4.779.417	11.821.575	118.793	99.389	130.284	360.235	12.530.277	352.276	12.178.001
ORZAMENTO LIMITATIVO						ORZAMENTO ESTIMATIVO						ORZAMENTO CONSOLIDADO	
												(Miles de Euros)	

Orzamento de gastos do sector público autonómica 2020													
Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	ODAA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIÓN PÚBLICA	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTIS	TOTAL	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO
I	2.127.678	1.788.168	114.851	4.030.697		4.030.697	32.323	58.020	13.014	79.801	4.213.856		4.213.856
II	565.323	1.247.260	49.874	1.862.457	22.732	1.839.724	70.731	32.618	35.809	219.039	2.197.921		2.197.921
III	143.084	3	292	143.379		143.379	149	1	205	3.294	147.028		147.028
IV	5.392.920	862.057	20.664	6.275.641	3.865.030	2.410.611	765	50	535	0	2.411.961	155.214	2.256.747
Correntes	8.229.005	3.897.488	185.681	12.312.174	3.887.762	8.424.411	103.968	90.688	49.563	302.134	8.970.765	155.214	8.815.551
V	1.400	31.917	0	33.317		33.317					33.317		33.317
VI	361.466	189.595	377.806	928.867		928.867	13.964	7.243	76.063	31.528	1.057.665	14.102	1.043.563
VII	1.345.134	63.681	245.188	1.654.003	891.655	762.348	0	1.450	4.659	0	768.457	79.756	688.700
Capital	1.706.601	253.276	622.993	2.582.870	891.655	1.691.215	13.964	8.693	80.722	31.528	1.826.122	93.859	1.732.263
VIII	102.946	1.190	49.785	153.921		153.921	735	7	0	18.412	173.075	103.203	69.872
IX	1.501.239	0	17.472	1.518.711		1.518.711	125	2	0	8.160	1.526.998		1.526.998
Financiación	1.604.185	1.190	67.256	1.672.632	0	1.672.632	860	8	0	26.572	1.700.073	103.203	1.596.870
TOTAL	11.541.191	4.183.871	875.931	16.600.993	4.779.417	11.821.575	118.793	99.389	130.284	360.235	12.530.277	352.276	12.178.001
ORZAMENTO LIMITATIVO						ORZAMENTO ESTIMATIVO						ORZAMENTO CONSOLIDADO	
(Miles de Euros)													



O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII. O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2020

I

Con esta lei de orzamentos para o ano 2020 Galicia chega aos seus corenta orzamentos consecutivos. Unha cifra moi relevante, posto que supón acumular catro décadas de autogoberno e estabilidade política, podendo ano a ano aprobar as súas contas.

Cos orzamentos de 2020 remata unha lexislatura caracterizada por un impulso substancial do marco sobre o que debe instrumentarse a capacidade de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia. Xa nos orzamentos de 2017, primeiro ano da lexislatura, púxose de manifesto que seguir un itinerario coherente nas épocas de crise permite abordar os cambios de ciclo sen contar con lastres que actúen de freo para o crecemento. Durante o período de contracción económica, apostouse firmemente por unha política económica dirixida á eficiencia do gasto, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a recuperación da actividade económica.

A aplicación destas pautas e obxectivos constitúe a peza mestra para que, desde 2017 a 2019, conségase un crecemento económico sostido, caracterizado por unha senda que ofrece o equilibrio e estabilidade necesarios para que desde a Comunidade Autónoma de Galicia xérese confianza en todos os axentes económicos, refórcense os gastos esenciais de sanidade, educación e servizos sociais vinculados ao benestar das galegas e galegos e dinámicese o investimento público para implementar unha política económica dirixida á promoción da actividade empresarial.

Os orzamentos para o 2020, tamén continúan nesta senda e permiten que a administración autonómica conte cos recursos financeiros necesarios para procurar aos seus cidadáns uns servizos públicos dirixidos a resolver os seus problemas e que lles faciliten un maior benestar para o desenvolvemento das súas actividades. Neste sentido, atendendo ao seu compoñente cuantitativo, a capacidade máxima de gasto supera en máis de 1.700 millóns de euros á do 2015.

Cando se atende aos seus compoñentes cualitativos, os orzamentos de 2020 tamén manteñen a alta calidade do noso sistema sanitario. Promoven unha política educativa asentada sobre a consecución da calidade, a liberdade, a igualdade de oportunidades e o diálogo. E propugnan unhas políticas sociais, que constitúen un compromiso irrenunciable e van dirixidas aos máis desfavorecidos, á atención das persoas dependentes e á infancia, para a que estes orzamentos, contemplan un feito relevante para os servizos de gardería, que dota de maior intensidade á consecución dos obxectivos dirixidos á conciliación da vida laboral e familiar, cos seus consequentes reflexos nos que se perseguen para as políticas dirixidas ao impulso demográfico da nosa comunidade.

Polo que se refire ao contexto económico e financeiro que enmarca estes orçamentos hai que destacar que as previsións dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e Comisión Europea elaboradas a principios de 2019 apuntaban a un menor dinamismo da economía mundial para o período 2019-2020, cun crecemento inferior ao de exercicios anteriores. Os indicadores máis recentes sinalan un debilitamento da economía mundial máis acusado do previsto a comezos de ano.

As previsións máis actualizadas, as da OCDE, reflicten o empeoramento da economía mundial nos últimos meses. Destas previsións dedúcese que a expansión económica mundial continúa, pero unha confluencia de factores adversos que afectan ás principais economías debilitan o crecemento mundial, principalmente no ano 2019: As tensións comerciais entre Estados Unidos e China, as dúbidas sobre as condicións para a saída do Reino Unido da Unión Europea e as tensións xeopolíticas, son algúns dos factores que afectan a evolución da economía mundial. Na medida que se atenúe a incerteza sobre esta situación, prevese unha lixeira mellora da economía mundial no ano 2020.

As previsións para 2020 da Comisión Europea mostran unha recuperación nas principais economías da área euro respecto do ano anterior. Segundo estas previsións, a economía española será a única que moderará o seu crecemento en 2020, aínda que seguirá sendo a economía que máis creza, seguida de Portugal. Alemaña será a que máis se reactivará por unha redución do impacto na economía das perturbacións no sector automobilístico, pero o seu crecemento será inferior ao español. Italia e Francia tamén rexistrarán crecemento aínda que en niveis inferiores aos de Alemaña. No Reino Unido, todos os organismos sinalan a incerteza na evolución da súa economía, xa que as condicións da saída da Unión Europea serán determinantes.

A economía española mantén un crecemento sólido e sostido, conseguindo durante dezanove trimestres consecutivos taxas superiores ao 2 %. En setembro o INE difundiu datos da contabilidade nacional anual e trimestral nos que se actualizou a información estrutural dispoñible e revisáronse as fontes e os métodos de estimación. Esta revisión supuxo unha redución no PIB nacional dos últimos anos, que afectou as estimacións dos dous primeiros trimestres de 2019. Segundo os datos publicados a finais de setembro, o PIB rexistrou un incremento intertrimestral no segundo trimestre de 2019 do 0,4 %, unha décima inferior ao do trimestre anterior. En termos de taxa interanual, o crecemento foi do 2,0 %, dúas décimas menor que no trimestre precedente.

As previsións dos principais organismos nacionais e internacionais coinciden no mantemento da senda expansiva da economía española, aínda que cun menor crecemento nos dous próximos anos. As previsións do Banco de España son as máis recentes e as únicas que recollen a revisión na contabilidade nacional anual. Estas previsións revisaron á baixa o crecemento da economía española respecto das previsións anteriores. Para o ano 2019 o Banco de España prevé un crecemento do 2,0 %, catro décimas menos do que proxectaba en xuño; tamén reduce o crecemento para 2020 ata o 1,7 %.

Os datos económicos máis recentes para Galicia confirman un crecemento sostido da economía galega nos últimos anos. Con todo, na primeira metade deste ano obsérvase unha retardación no crecemento e despois de case catro anos con taxas superiores ao 2,5 %, no segundo trimestre de 2019 o PIB galego creceu un 2,0 %. En consecuencia, o escenario macroeconómico para Galicia prolonga a dinámica expansiva da economía galega ao longo do horizonte da previsión, aínda que cunha retardación no crecemento do PIB no ano 2019 e un crecemento sostido nos anos seguintes.

O escenario macroeconómico para os anos 2019-2020 mostra, desde a óptica da demanda, un crecemento baseado na demanda interna e un peor comportamento do sector exterior no ano 2019, que se recuperará no ano seguinte, acorde se recuperen os mercados internacionais. Desde a óptica da oferta prevese un retroceso do sector industrial no ano 2019 mentres que os servizos e a construción moderarán gradualmente o seu crecemento. A celebración do ano Xacobeo 2021 será un factor clave no sostemento do dinamismo da economía galega nos próximos anos, posto que motivará un incremento do consumo público e do investimento en infraestruturas no ano 2020. Neste contexto, a taxa de paro no ano 2019 diminuirá en 1,9 puntos respecto á do ano 2018. Para o 2020 a taxa de paro baixará ata o 10,6 %.

Unha vez máis volve poñerse de manifesto que Galicia experimentou un notable cambio no modelo de crecemento e modificou a tendencia resultante da crise financeira de 2008. A produción de bens e servizos creceu a bo ritmo dando cabida a unha aceleración do índice de converxencia en renda por habitante coa Unión Europea. En consecuencia, a comunidade é hoxe menos dependente dos sectores particularmente sensibles ao cambio do ciclo, o que permite afrontar o futuro inmediato con expectativas máis sólidas e favorables.

No marco deste comportamento, hai que destacar que o orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia contará en 2020 con 299 millóns de euros máis que en 2019, de modo que a súa capacidade de gasto, tal e como se sinalou anteriormente, experimentou, desde o ano 2015, unha suba de máis de 1.700 millóns de euros. Estas circunstancias facilitan as accións dirixidas a consolidar a recuperación económica, a desenvolver novas políticas de impulso, a fortalecer a reactivación do emprego e axudan para alcanzar o obxectivo prioritario da acción de goberno: conseguir que a recuperación chegue a todos os fogares galegos.

Todo iso sen incrementar con cargas adicionais ás xeracións futuras. O control da débeda pública é unha das bases do modelo de crecemento san nas que se asenta a acción de goberno e é o froito da progresiva redución do déficit que vén realizando nestes últimos anos, de xeito que, durante eles, a ratio de endebedamento está totalmente estabilizada en Galicia. Conforme os datos publicados polo Banco de España, o endebedamento de Galicia é 6 puntos inferior á media autonómica, situado no 24,4 %, e, grazas a este mellor comportamento, Galicia evitou na última década a emisión de máis de 3.800 millóns de euros de débeda. En todos estes anos, a Comunidade Autónoma cumpriu sempre o límite de débeda autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), e desde 2016 iniciou unha senda de redución do seu endebedamento que continuará nos próximos exercicios.

Estes orzamentos enmárcanse no ámbito do plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e oriéntanse, por tanto, á consecución dun modelo de crecemento económico baseado na innovación e no capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente, que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico. Destacando ao respecto que, en canto á actualización do cadro macroeconómico previsto para 2020, e, en canto á taxa de desemprego prevista para ese ano, poderanse alcanzar as previsións incluídas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, que establecían un crecemento medio do PIB galego do 2,5 % neste período e unha taxa de paro do 10 % ao rematar o ano 2020.

Fai xa cinco anos que se iniciou o proceso para a revisión do sistema de financiamento autonómico, os problemas que orixinaba este modelo, cando a situación financeira daba lugar a unha redución moi importante dos recursos tributarios do sistema, tampouco se solucionaron co cambio de ciclo económico e a consecuente recuperación na recadación destes recursos. O diagnóstico de a totalidade das comunidades autónomas puxo de manifesto a insuficiencia do actual modelo para proporcionar os recursos financeiros necesarios para a cobertura das necesidades de gasto que leva a prestación dos servizos da súa competencia, substancialmente dos considerados como servizos públicos fundamentais. A conclusión para a Comunidade Autónoma de Galicia non pode ser outra que a urxencia na aprobación dun novo modelo que solucione estas insuficiencias en consonancia cos elementos diferenciais que concorren na prestación dos servizos que realiza.

Neste último ano, esta situación de urxencia viuse profundamente afectada como consecuencia das circunstancias extraordinarias que rodean á existencia dun goberno do Estado en funcións. Ditas circunstancias incidiron moi negativamente na provisión destes recursos a favor das comunidade autónomas.

En primeiro lugar, polo atraso na actualización dos recursos do sistema de financiamento a través da norma correspondente, de modo que ata a publicación do Real Decreto Lei 13/2019, do 11 de outubro, polo que se regula esta actualización, non foi posible confirmar para as comunidades autónomas que, como Galicia, aprobaron os seus orzamentos no ano en curso consonte a información recibida do Ministerio de Facenda en xullo do 2018, as contías que efectivamente ían corresponderlles en 2019 por cada un dos recursos do sistema de financiamento autonómico. Circunstancia pola que estas comunidades víronse sometidas a un escenario de desequilibrio financeiro durante o período transcorrido desde o 1 de xaneiro ata a aprobación do Real Decreto- Lei mencionado.

En segundo lugar, porque a esta conxelación das entregas a conta hai que engadir novas tensións financeiras para o orzamento das comunidades autónomas. Por unha banda, a redución soportada na liquidación do sistema correspondente ao 2017 motivada polo cálculo dunha liquidación do IVE que só ten en conta a recadación relativa a once meses, por aplicación na súa xestión do Sistema de Subministración de Información Inmediata. Por outra banda, os aumentos

de gastos que implica a aplicación dos decretos-lei estatais ás competencias autonómicas, especialmente gravosos en materia de gastos de persoal.

En terceiro lugar, por que durante o ano 2019 o Consello de Ministros non adoptou, en aplicación de o disposto no artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ningún acordo sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública referidos ao trienio 2020-2022 para o conxunto do sector público e tampouco se celebrou ningún Pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) para informar sobre os obxectivos de estabilidade das CCAA.

En último lugar, tampouco o Goberno do Estado en funcións aprobou o límite de gasto non financeiro para o 2020 nin o Ministerio de Facenda remitiu a comunicación coas entregas a conta do sistema para o ano 2020 e en canto á liquidación do ano 2018 a comunicación provisional realizouse no momento da publicación do Real Decreto-Lei 13/2019, do 11 de outubro, e, por tanto, despois de que o Parlamento de Galicia aprobase o teito de gasto da comunidade para o 2020.

Ante este cúmulo de obstáculos para o manexo da información que, en relación con sistema de financiamento, debe ofrecer oficialmente o Goberno do Estado, os orzamentos do 2020 contemplan as previsións dos recursos financeiros integrados no devandito sistema con base nos cálculos e estimacións que inicialmente realiza a Consellería de Facenda para o seu posterior contrastación e axuste coas contías que, de forma habitual e con carácter anual, facilita respecto dos mesmos o Ministerio de Facenda no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira.

As estimacións da Consellería asíntanse, en primeiro lugar, sobre a actualización do Programa de Estabilidade do Reino de España para o período 2019-2022, considerando tamén o informe que sobre a devandita actualización realizou o pasado 9 de maio a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF). Sobre esta base, fíxanse como obxectivos de estabilidade orzamentaria para o devandito período os atribuídos para as CCAA na actualización, de xeito que para o ano 2020 establécese unha necesidade de financiamento do 0,1 % do PIB, e para os anos 2021 e 2022 equilibrio orzamentario.

En segundo lugar, consideran a información que, sobre a recadación dos recursos tributarios do sistema xestionados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, ofrece a mesma nas súas estatísticas de publicación mensual co obxecto de observar o comportamento que se produce en 2019 e, sobre todo, utilizar as cifras de recadación do 2018 que a estas alturas son practicamente as definitivas, para efectos de determinar as previsións da liquidación do sistema de financiamento correspondente a ese exercicio. Considérase tamén a información que sobre a evolución dos impostos directos e indirectos conteñen as proxeccións orzamentarias contempladas para o 2020 na actualización do programa de estabilidade 2019-2022, que se contrastan coa información que sobre previsións de ingresos para o 2019 continúa o proxecto de orzamentos xerais do Estado, presentado ante as Cortes Xerais aínda que non foi obxecto de aprobación. Finalmente, considéranse como referencias as estimacións de crecementos medios que, en re-

lación co período 2019-2022, realiza a AIReF para cada unha das principais figuras tributarias cedidas ás comunidades autónomas no seu informe sobre a actualización do programa de estabilidade e analízanse as recomendacións do Consello da Unión Europea do pasado 2 de xullo.

Como resultado da utilización de todas estas fontes establecéronse unhas previsións de ingresos do sistema de financiamento con criterios obxectivos, razoables e prudentes. De xeito que ditas previsións recollen respecto das formuladas pola AIRef un diferencial representativo da tendencia á baixa que, no mes de setembro, están a mostrar os últimos datos coñecidos sobre o crecemento das variables económicas.

Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais estímase que o seu importe apenas reflectirá variacións no ano 2020. A súa evolución estable depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e o Imposto sobre Sucesións e Doazóns. No caso do primeiro deles, a recuperación do mercado da vivenda, coa evolución á alza dos prezos dos inmobles, produce un aumento das súas bases impositibles con moderados incrementos na súa recadación que permiten absorber a diminución na recadación do Imposto sobre o Patrimonio, como consecuencia de reverter a suba da tarifa aprobada no ano 2013 por mor da crise, de xeito que se volve a ter a mesma tributación que establece a normativa estatal con carácter xeral.

En 2011 aprobouse a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en virtude da cal se consolidou legalmente a fixación “a priori” do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria. Ao amparo do apartado uno do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2020 en 10.160 millóns de euros. O gasto non financeiro contemplado nos orzamentos da comunidade autónoma para 2020 axústase ao citado teito de gasto.

II

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, dezanove disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramen-

to e consulta que para efectos orzamentarios teñen a consideración de organismos autónomos, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan ós tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase así mesmo o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliables e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, consolida no ano 2019 o incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público, en aplicación do establecido na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Así mesmo recolle que para o ano 2019 só se poderá proceder, no sector público á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica estatal, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos. No resto do capítulo régúlase a contratación de persoal laboral temporal, de funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establece que para o ano 2019 as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior e dos consellos de administración non experimentarán incremento respecto das vixentes no ano 2018. Igualmente no que atinxe ao persoal funcionario, ao persoal laboral, ao persoal ao servizo das institucións sanitarias e ao persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza manteranse nas contías vixentes a 31 de decembro de 2018.

Todo isto sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo cuarta, que establece que as retribucións do persoal do sector público previstas para o ano 2019 serán obxecto de adecuación o previsto no II Acordo Goberno sindicatos para a mellora do emprego público e as

condicións de traballo, de 9 de marzo (BOE 26.03.2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración Xeral do Estado.

Polo tanto, en previsión da aplicación do disposto na Disposición adicional décimo cuarta dotase un fondo retributivo que permita asumir o incremento previsto no sinalado Acordo.

O capítulo III, dedicado a outras disposicións en materia de réxime de persoal activo, recolle que para o ano 2019 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal sen que se poida prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación. E no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos. O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da comunidade autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás universidades, recolle o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a obriga de comunicación mensual da provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Así mesmo, establecece que as universidades poderán aplicar a taxa de reposición establecida na normativa básica estatal, respectando as dispoñibilidades orzamentarias dotadas no capítulo I.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos relativos a operacións de crédito e afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese para o ano 2019 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma, a cal se incrementará nunha contía máxima equivalente ao 0,1 por cento do PIB rexional, co que se acomoda aos límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira para este exercicio. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. Respecto ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público contémpase a posibilidade para os préstamos directos que se poidan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios que, estando en réxime de aluguer, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao Instituto Galego da Vivenda e o Solo e para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS. No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2019 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe de 500 millóns de euros.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, a fiscalización das operacións de endebedamento da comunidade autónoma, a fiscalización dos nomeamentos ou de contratos de substitución do persoal, a identificación dos proxectos de investimento, a autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, a regulación das transferencias de financiamento, as subvencións nominativas, a concesión directa de axudas e subvencións, a acreditación do cumprimento de obrigas tributarias, o pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda, o cal, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e os expedientes de dotación artística e o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados. No que se establece a posibilidade da aceptación pola Administración autonómica de pagamentos a conta para as retribucións do persoal docente do colectivos de empresa do ensino privado, dende o 1 de xaneiro ata o momento no que asinen as táboas salariais para o 2019.

O título V, dedicado ás corporacións locais, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da comunidade autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, desagregándose esta en fondo base, para recoller a mesma contía que se establece no ano 2011, e o fondo adicional, para recoller o incremento debido á maior recadación dos capítulos I, II e III de Administración Xeral dende aquel ano ata o 2019. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias, en adiante FEGAMP, e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no ano 2011. O fondo adicional repartirase no ano 2019 conforme ao acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local. Entre os criterios aprobados para o reparto destaca o financiamento dos gastos de mantemento dos centros e saúde de titularidade municipal en cumprimento do pacto local. Ademais no 2019 dótase un fondo complementario con destino exclusivo e finalista aos concellos fusionados.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos municipios contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao ano 2018.

No título VI, relativo ás normas tributarias, inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

O contido da lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derrodeiras referidas, nas que se recollen preceptos de índole moi variada.

Entre as disposicións adicionais regúlase a información ao Parlamento, as porcentaxes de gastos xerais de estrutura que hai que aplicar nos contratos de obra, a obriga de adecuar os estados financeiros das entidades instrumentais ás transferencias, a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación, o orzamento inicial e os requisitos de creación para as axencias que se poidan constituír neste exercicio, a venda de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, as prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos, relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, o persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, as normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público e no suposto de que se recollese nunha disposición un incremento nos módulos estatais para a distribución dos fondos públicos para o sostemento dos centros concertados, na nosa comunidade aplicárase o mesmo incremento.

En canto á disposición relativa ás prestacións familiares por coidados de fillos menores, establece como requisitos para a súa obtención o cumprimento das condicións que dite a Consellería de Política Social. Introdúcese unha nova disposición adicional que regula o dereito a percibir unha axuda económica de 1.200 euros, a razón de 100 euros mensuais, a través da tarxeta benvida para todas as familias que teñan un fillo ou filla ou adopten un neno ou nena menor dun ano no 2019. Adicionalmente para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 € a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos. A contía da axudas para as familias con estas rendas será de 600 €/ano, a razón de 50€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro, de 1.200 €/ano, a razón de 100€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo e de 2.400 €/ano, a razón de 200€/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos.

Para o suposto de que mudasen as condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público na normativa estatal básica inclúese unha disposición adicional para a adecuación do réxime e condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público autonómico ao establecido nesa normativa. Ademais determinase a consideración das retribucións adicionais ao complemento de destino previstas no punto 4 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Tamén se establecen as normas para a remisión de información económico–financeiro e o control desta coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e consorcios adscritos á comunidade autónoma que deben auditar as súas contas anuais, a xestión extraorxamentaria dos expedientes nos que o Fondo Galego de Garantía Agraria exerza unha función de intermediación do Fondo Europeo de Garantía Agrícola.

As disposicións transitorias regulan a adecuación das entidades públicas instrumentais e a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevían na Lei de orzamentos do 2018.

As tres últimas disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da I. Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, dezaseis disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e dúas disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta que para efectos orzamentarios teñen a consideración de organismos autónomos, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan ós tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase así mesmo o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliables, entre os que se inclúen os créditos que financien a gratuidade na educación infantil de 0 a 3 anos para o segundo fillo ou filla e sucesivos, e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos. No suposto de prorrogarse os orzamentos xerais do Estado, a xeración de crédito da liquidación do ano 2018 realizarase xunto coa comunicación do Ministerio de Hacienda nomes de xaneiro das entregas a conta.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, consolida no ano 2020 o incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público, en aplicación do establecido no Real Decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Ademais consolidase a retribución adicional ao complemento de destino previsto pola Orde do 15 de xaneiro de 2019 pola que se publica o Acordo de concertación do emprego público de Galicia. Neste acordo establecéronse melloras retributivas para o persoal periodificadas no período 2019-2021, a efectos de que o impacto económico se axuste as disponibilidades orzamentarias e ao incremento adicional de masa salarial autorizado pola normativa básica do Estado.

Así mesmo recolle que para o ano 2020 só se poderá proceder, no sector público á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica estatal, respectando, en todo caso, as disponibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos. No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal, de funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establece que para o ano 2020 as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior e dos consellos de administración non experimentarán incremento respecto das vixentes no ano 2019. Igualmente no que atinxe ao persoal funcionario, ao persoal laboral, ao persoal ao servizo das institucións sanitarias e ao persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza manteranse nas contías vixentes a 31 de decembro de 2019.

Todo isto sen prexuízo do establecido na disposición adicional oitava, que establece que as retribucións do persoal do sector público previstas para o ano 2020 serán obxecto de adecuación o previsto no II Acordo Goberno sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, de 9 de marzo (BOE 26.03.2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración Xeral do Estado.

Polo tanto, en previsión da aplicación do disposto na Disposición adicional oitava dotase un fondo retributivo que permita asumir o incremento previsto no sinalado Acordo.

O capítulo III, dedicado a outras disposicións en materia de réxime de persoal activo, recolle que para o ano 2020 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal sen que se poida prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación. E no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos. O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da comunidade autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás universidades, recolle o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a obriga de co-

municación mensual da provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Así mesmo, establecece que as universidades poderán aplicar a taxa de reposición establecida na normativa básica estatal, respectando as dispoñibilidades orzamentarias dotadas no capítulo I.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos relativos a operacións de crédito e afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese para o ano 2020 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma, a cal se incrementará nunha contía máxima equivalente ao 0,1 por cento do PIB rexional, co que se acomoda aos límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira para este exercicio. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. Respecto ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público contémpase a posibilidade para os préstamos directos que se poidan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios que, estando en réxime de aluguer, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao Instituto Galego da Vivenda e o Solo e para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS. No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2020 contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe de 500 millóns de euros.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, a fiscalización das operacións de endebedamento da comunidade autónoma, a fiscalización dos nomeamentos ou de contratos de substitución do persoal, a identificación dos proxectos de investimento, a autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, a regulación das transferencias de financiamento, as subvencións nominativas, a concesión directa de axudas e subvencións, a acreditación do cumprimento de obrigas tributarias, o pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda, o cal, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e os expedientes de dotación artística e o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados. No que se establece a posibilidade da aceptación pola Administración autonómica de pagamentos a conta para as retribucións do persoal docente do colectivos de empresa do ensino privado, dende o 1 de xaneiro ata o momento no que asinen as táboas salariais para o 2020.

O título V, dedicado ás corporacións locais, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que

lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da comunidade autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, desagregándose esta en fondo base, para recoller a mesma contía que se establece no ano 2011, e o fondo adicional, para recoller o incremento debido á maior recadación dos capítulos I, II e III de Administración Xeral dende aquel ano ata o 2019. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias, en adiante FEGAMP, e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no ano 2011. O fondo adicional repartirase no ano 2020 conforme ao acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local. Entre os criterios aprobados para o reparto destaca aos concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal, aos concellos de menos de cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade, aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos custos de mantemento dos conservatorios de grao medio, aos concellos resultantes dun proceso de fusión en cumprimento do sinalado na lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal, aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipales e aos concellos que teñen que asumir o financiamento das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos municipios contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao ano 2019.

No título VI, relativo ás normas tributarias, inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

O contido da lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e de madeiras referidas, nas que se recollen preceptos de índole moi variada.

Entre as disposicións adicionais régúlase a información ao Parlamento, o orzamento inicial e os requisitos de creación para as axencias que se poidan constituír neste exercicio, a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación, a obriga de adecuar os estados financeiros das entidades instrumentais ás transferencias, as normas para a remisión de información económico–financeiro e o control desta coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e consorcios adscritos á comunidade autónoma que deben auditar as súas contas anuais, as porcentaxes de gastos xerais de estrutura que hai que aplicar nos contratos de obra, a venda de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, as prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non

contributivos, relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, o persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, as normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público e no caso dos centros concertados, de se aprobar algunha variación nas contías dos módulos estatais de distribución de fondos públicos para o seu sostemento, aplicárase a mesma variación porcentual aos módulos fixados no anexo IV desta lei.

En canto á disposición relativa ás prestacións familiares por coidados de fillos menores, establece como requisitos para a súa obtención o cumprimento das condicións que dite a Consellería de Política Social. A disposición adicional décimo sexta regula o dereito a percibir unha axuda económica de 1.200 euros, a razón de 100 euros mensuais, a través da tarxeta benvinda para todas as familias que teñan un fillo ou filla ou adopten un neno ou nena menor dun ano no 2019. Adicionalmente para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 € a axuda amplíase no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos. A contía da axudas para as familias con estas rendas será de 600 €/ano, a razón de 50 €/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro, de 1.200 €/ano, a razón de 100 €/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo e de 2.400 €/ano, a razón de 200 €/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos. Para as familias que residan no rural e para as que teñan o/a terceiro/a fillo/a e sucesivos/as, a axuda incrementárase nas condicións que estableza a Consellería de Política Social

As disposicións transitorias regulan a adecuación das entidades públicas instrumentais e a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevían na Lei de orzamentos do 2019.

As dous últimas disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2020

I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se explicitan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, a presente lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

II

En canto á estrutura da lei, esta se divide en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, no que atinxe ao imposto sobre a renda das persoas físicas introdúcese modificacións puntuais en determinadas deducións por investimento co fin de suprimir o límite máximo de participación na sociedade nos supostos de sociedades laborais ou cooperativas compostas unicamente por dúas persoas socias. Ademais, prevense dúas novas deducións na cota íntegra autonómica coa finalidade, por unha banda, de permitir a dedución das cantidades investidas para mellorar a cualificación enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares, e, por outra banda, de que as axudas ou subvencións recibidas polos deportistas recoñecidos como de alto nivel de Galicia non se vexan minoradas pola súa tributación, impulsando dese modo o deporte de alto nivel en Galicia.

En relación co imposto sobre sucesións e doazóns, increméntase a redución por parentesco do Grupo II co que se segue na senda, xa iniciada en 2016, de lograr manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica da familia. Ademais, introdúcese modificacións nas reducións pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades coa finalidade de continuar na senda de favorecer ás empresas familiares que permanecen dentro do ámbito familiar xeración tras xeración, reforzando a aposta polo desenvolvemento do tecido empresarial de orixe familiar.

Por último, no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados incorpórase a regulación do tipo de gravame aplicable na adquisición de vivendas nas parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais co obxectivo de fomentar a adquisición de vivenda nestas zonas e de promover o asentamento con carácter permanente, cos conseguintes beneficios que iso supón para o entorno.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, está integrado por tres preceptos.

No primeiro deles, sobre taxas, se prevé, por unha banda, a elevación dos tipos das taxas de contía fixa e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes.

O seguinte precepto introduce modificacións na regulación do canon da auga e do coeficiente de vertedura que estriban, esencialmente, no establecemento dun sistema tarifario que evite as disfuncións advertidas na práctica na modalidade de carga contaminante. Así, co novo réxime, na modalidade de carga contaminante será aplicable un tipo de gravame xeral, que se aplicará sobre o volume de auga usado ou consumido, e un tipo de gravame especial determinado en función da carga contaminante. Xunto ás modificacións derivadas deste novo réxime, tamén se incorporan medidas tendentes a facilitar o cobramento dos importes de canon da auga xunto co resto dos conceptos contidos na factura da auga e se introducen previsións relacionadas co emprego de medios electrónicos.

No último precepto do capítulo II se introduce unha modificación na regulación do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamento da auga embalada co fin de arbitrar un sistema que simplifique a xestión. Así naqueles supostos nos que non coincida o contribuínte co titular da concesión e os usuarios da toma de auga son unha pluralidade de persoas se prevé que o titular da concesión sexa suxeito pasivo substituto do contribuínte coa posibilidade de esixir a débeda tributaria dos contribuíntes, de xeito que se manteña a debida correspondencia co principio “quen contamina, paga”, recaendo a carga tributaria naquel que pode adoptar as medidas conducentes á redución do dano medioambiental ou que se beneficia do referido dano medioambiental. Prodúcese así unha correcta atribución da carga tributaria no produtor do dano ao medio cumprindo a finalidade extrafiscal e interiorizando o custe que o contribuínte externaliza á sociedade.

O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en catorce capítulos.

O capítulo I contempla medidas en materia de emprego público. Por unha banda, se introducen modificacións na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coa finalidade fundamental de creación de varias escalas e especialidades dos corpos e da agrupación profesional do persoal funcionario de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia así como dos corpos de Administración especial.

Por outra banda, modifícase a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, co fin de introducir nela unha nova disposición transitoria reguladora dun sistema transitorio de progresión na carreira administrativa que resulte de aplicación ao persoal funcionario que preste servizos no Consello de Contas de Galicia, que siga a liña do previsto no número 4 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

No capítulo II se introducen modificacións nos artigos do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, relativos á Conta Xeral da Comunidade Autónoma coa finalidade fundamental da súa adaptación á regulación do sector público autonómico contida na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O capítulo III contempla medidas en materia de medio ambiente e territorio. Así, por unha banda, modifícase puntualmente a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, co fin de ampliar o ámbito de actuación dos plans de acción da paisaxe.

Por outra banda, coa finalidade de favorecer a práctica da caza sobre o xabaril e incrementar a efectividade no control das súas poboacións, modifícase a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para permitir a caza desta especie mediante modalidades que comunmente se utilizan para a caza menor e que contribúan a aumentar a efectividade do aproveitamento cinexético desta especie.

Modifícase a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas seguintes finalidades: a) facer extensible ao solo urbano non consolidado e ao solo urbanizable a posibilidade de cumprir o deber de cesión mediante a substitución da entrega de solo polo seu valor en metálico; b) definir o solo rústico de protección de espazos naturais tendo en conta a regulación contida na recente Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia; c) realizar axustes puntuais na regulación das condicións xerais das edificacións no solo rústico co fin de evitar dúbidas na interpretación e aplicación da lei e do seu regulamento de desenvolvemento; d) a recuperación e a posta en valor das edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo rústico e no solo de núcleo rural; e) clarificar a regulación da tramitación dos expedientes de delimitación do solo de núcleo rural; f) reforzar a seguridade xurídica e dotar de maior estabilidade o tráfico inmobiliario, clarexando o réxime xurídico vixente para as edificacións que se atopan en situación de fóra de ordenación e aquelas preexistentes á aprobación definitiva do planeamento que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, así como aquelas para as que xa tiveran transcorrido os prazos para a adopción de medidas de restauración da legalidade urbanística; e g) garantir a seguridade xurídica clarexando determinadas previsións do réxime transitorio da lei.

Na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, se introducen modificacións puntuais dirixidas substancialmente a corrixir erros ou omisións postos de manifesto na aplicación da dita lei.

Por último, o capítulo III contempla a modificación puntual da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, coa finalidade, seguindo a liña doutras leis autonómicas e estatais, de prever un prazo de prescrición da obriga de reparar o dano causado de quince anos dende que a Administración ditou o acto que acorde a súa imposición, o que ha de entenderse sen prexuízo da aplicación da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade mediambiental, para a reparación dos danos medioambientais regulados nela.

O capítulo IV recolle medidas en materia de medio rural que atinxen a dous textos legais.

Por unha banda, modifícase a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, coa finalidade de incidir na cooperación e colaboración entre Administracións contra os incendios forestais, como servizo de interese xeral, e á súa vez potenciar as políticas activas de emprego, sinaladamente aquelas ligadas aos programas de formación e práctica profesional, así como coa finalidade de establecer a nivel legal un sistema público de xestión da biomasa que garanta a máis eficaz e eficiente actuación das administracións públicas competentes na materia de prevención de incendios forestais, de cara a protexer a seguridade das persoas e os bens.

Por outra banda, é obxecto de modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, para completar o listado de definicións e, especialmente, para introducir un novo artigo relativo ao fomento da mobilización de terras a través do programa de aldeas modelo, deseñado como un sistema para a recuperación e posta en valor das terras circundantes a núcleos de poboación, incluíndo total ou parcialmente as súas faixas secundarias de protección de biomasa, coa finalidade de recuperar a capacidade agronómica do perímetro do proxecto, a súa rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística e a promoción do emprego e a dinamización socioeconómica.

No capítulo V, sobre infraestruturas e mobilidade, se modifica a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, coa finalidade fundamental de regular os supostos nos que as tarifas dos servizos de taxi terán o carácter de máximas e de prever o réxime aplicable en tales casos co fin de dotar de maior flexibilidade ao exercicio da actividade á vez que queden garantidos os dereitos das persoas usuarias. Ademais, se introducen modificacións puntuais respecto dos requisitos esixibles ás persoas condutoras, co fin de incluír o réxime de autónomo colaborador, e á capacidade dos vehículos, co obxectivo de avanzar cara a universalización do servizo de taxi e a súa prestación de xeito non discriminatorio. Finalmente se contempla unha previsión en liña coa recente modificación do artigo 107.3 do Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.

No mesmo capítulo V se recollen modificacións da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Así, en materia de estudos e proxectos e de obras, trátase de simplificar e acurtar os trámites necesarios para a definición e materialización dos proxectos promovidos polas administracións competentes en materia de estradas e tamén de clarificar que o réxime derivado da

declaración de interese xeral, da utilidade pública e da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras promovidas pola administración titular da estrada esténdese tamén ás reposicións de servizos afectados pola execución das obras. E, por outra banda, en materia de intervención administrativa nas zonas de protección do dominio público viario, introdúcese un réxime de declaración responsable para determinadas obras co fin de introducir criterios de axilidade, simplicidade e eficacia que, sen menoscabo da regulación dos usos que afectan ao demanio viario, permitan compatibilizar a necesaria supervisión administrativa coa simplificación de trámites e prazos para un grupo de actuacións.

No capítulo VI se contemplan modificacións puntuais da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, coa finalidade fundamental de corrixir erros e imprecisións de redacción así como de completar o réxime aplicable ás solicitudes de autorizacións temporais de uso de postos de amarre.

O capítulo VII, en materia de política social, contén modificacións de varias disposicións normativas.

Por unha banda, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, se introducen previsións destinadas a precisar o réxime de responsabilidades e a regular cuestións relativas ao procedemento e á competencia en materia sancionadora así como a incluír a posibilidade de imposición de multas coercitivas. Ademais, atendendo a razóns de impulso demográfico e de conciliación así como de apoio ás familias galegas, incorpórase á dita lei unha nova disposición adicional sobre actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos.

Por outra banda, se modifica a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, coa finalidade de que, no caso de acceso a unha actividade laboral, o importe do tramo de transición ao emprego sexa, como mínimo, do 25% do IPREM, así como co obxectivo de clarear a redacción da lei no que atinxe á subscrición do convenio de inclusión sociolaboral e á elaboración do itinerario de inserción sociolaboral.

Por último, se introducen modificacións puntuais en normas regulamentarias ao concorrer razóns de urxencia que demandan a súa inmediata adopción pola presente lei, sen prexuízo do indicado na disposición derradeira primeira respecto das posteriores modificacións que se efectúen das ditas normas regulamentarias. Así:

a) No Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, se posibilita facilitar o acceso a unha prestación inmediata do sistema sen excluír a posterior incorporación a un recurso público e se introducen mecanismos tendentes a garantir a continuidade da atención nos supostos de tránsito desde o sistema educativo ao sistema de servizos sociais.

b) No Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, se realizan as adaptacións necesarias para a tramitación electrónica dos procedementos.

c) No Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, por unha banda, se acomoda a normativa autonómica en materia de teleasistencia ao establecido na Resolución do 15 de xaneiro de 2018, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre determinación do contido do servizo de teleasistencia básica e avanzada, e, por outra banda, se facilita que a atención ás persoas en situación de dependencia moderada (grao I) poida proporcionarse a través dun recurso residencial, xa sexa nunha residencia, fogar residencial ou vivenda comunitaria.

d) No Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, se introducen as adaptacións necesarias para acomodar a norma ao novo réxime derivado das modificacións introducidas na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de xeito que quede garantida a súa inmediata efectividade.

No capítulo VIII se inclúen medidas en materia de economía e emprego. Se recolle nel a modificación da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, co fin de adaptar o réxime de convocatorias da asemblea xeral ao emprego de medios electrónicos e de permitir que unha cooperativa de traballo asociado poida contratar persoas en risco de exclusión, favorecendo así a súa paulatina inserción sociolaboral.

Na Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia se amplían os suxeitos que poden solicitar a autorización comercial autonómica no caso de establecementos comerciais de carácter individual facilitando así o acceso á actividade comercial.

Tamén é obxecto de modificación neste capítulo a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, coa finalidade de adecuar a dita lei ao previsto na Directiva 2013/11/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo, e na súa norma de transposición ao ordenamento interno, a Lei 7/2017, do 2 de novembro.

Por último, o capítulo contempla a modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, coa finalidade de flexibilizar a estrutura e a organización do Plan Galego de I+D+i facilitando a súa articulación con outros plans ou estratexias que incidan na mesma temática, permitindo incluso, cando sexa posible, que un mesmo documento responda as distintas necesidades de planificación de I+D+i.

O capítulo IX inclúe medidas en materia de cultura e turismo con dous obxectivos fundamentais. Por unha banda, unha mellor ordenación da sinalización dos camiños de Santiago e, por outra, introducir medidas tendentes a facilitar o coñecemento e o control da actividade desenvolvida polas vivendas de uso turístico.

No capítulo X se recolle unha previsión dirixida a garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte escolar ante a eventualidade de que, ao vencemento dos contratos existentes, non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación. Ademais, se contempla no dito capítulo unha modificación da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, co fin de recoller a prórroga dun plan de financiamento ata a aprobación e comezo de efectos dun novo plan, co fin de garantir o normal funcionamento das universidades do Sistema Universitario de Galicia e o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira por parte delas.

No capítulo XI se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, para introducir nela unha nova disposición adicional reguladora dun Sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia, que dea cobertura a todos os centros que o compoñen para aproveitar ao máximo as sinerxías en investigación clínica e atraer terapias innovadoras en fases temperás de desenvolvemento, e respecto da cal se adoptarán un conxunto de medidas organizativas, tecnolóxicas e de seguridade dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia. Así mesmo, incorpóranse determinados aspectos organizativos exixidos pola normativa de protección de datos no ámbito da investigación con datos de saúde de conformidade co Regulamento xeral de protección de datos e coa normativa estatal en materia de protección de datos.

No capítulo XII se introduce unha medida en materia de protección civil dirixida a posibilitar a acreditación excepcional do nivel básico de coñecementos mediante a xustificación da posesión dos coñecementos e da formación necesarios que permitan o correcto desenvolvemento das actividades dentro da agrupación de protección civil á que pertenzan, habilitando, dado o carácter técnico da materia, a unha orde da persoa titular da consellería competente en materia de protección civil para a regulación do correspondente procedemento.

No capítulo XIII se modifica a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, cunha triple finalidade: a) contemplar o conxunto da realidade e funcións do feito deportivo -mais alá da vertente estritamente competitiva-, amparando as actuacións que, dende a administración deportiva autonómica, son executadas para o desenvolvemento do deporte e da actividade física como ferramentas de saúde e calidade de vida da poboación; b) posibilitar a constitución en Galicia dunha única federación de deportes autóctonos, figura esta que xa existe noutras Comunidades Autónomas; e c) habilitar á Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, cando o exercicio da potestade sancionadora sexa competencia autonómica, para instruír e resolver os expedientes sancionadores correspondentes, conforme ás regras e normas establecidas na Lei

orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, suprimindo a intervención das federacións deportivas neste eido, ante o papel inexistente destas na materia dende o ano 2013.

O último capítulo, o XIV, contempla dúas modificacións puntuais: na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, coa finalidade de recoller de xeito expreso os supostos de informe preceptivo da Asesoría Xurídica da Xunta en materia de contratación do sector público, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, co fin de incluír na dita lei unha regra relativa á actualización de modelos normalizados, na liña da que se contida no artigo 33 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Por último, na súa parte final, a lei recolle unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

A disposición adicional única contempla unha medida de planificación do número de autorizacións de instalación de salóns de xogo, salas de bingos e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia. En relación con esta medida procede salientar que, con motivo dos estudos e dos traballos preparatorios previos para a elaboración dun anteproxecto de Lei reguladora dos xogos de Galicia, púxose de manifesto a necesidade de recoller no novo texto legal unha planificación dos establecementos de xogo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ante o incremento considerable detectado nos últimos anos nas solicitudes de autorizacións de instalación de salóns de xogo e de tendas de apostas, o que, unido á preocupación social existente e ao aumento dos problemas de adición aos xogos practicados nestes establecementos, xustifica a necesidade de realizar unha planificación que limite o número deste tipo de establecementos de xogo na Comunidade Autónoma fixando, logo de avaliar a oferta de xogo e as razóns de interese xeral implicadas, un número máximo que permitía conseguir os obxectivos invocados de protección da saúde e da seguridade das persoas consumidoras e usuarias dos xogos, de garantía da orde pública e de loita contra a fraude na actividade do xogo a través dunha oferta cuantitativamente moderada. As ditas razóns de interese xeral nas que se basea a regulación proxectada no anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia, actualmente en tramitación, están xa presentes na actualidade, o que motivou que o Consello da Xunta, adoptase o Acordo do 16 de maio de 2019 e aprobase o Decreto 72/2019, do 4 de xullo, polo que se aproban medidas en materia de planificación de autorizacións de instalación de salóns de xogo e de tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia. No acordo e no decreto citados preveuse que a planificación recollida neles tiña un carácter provisional e transitorio, cunha duración máxima de nove meses contados desde a data de publicación do acordo e que, no caso de que antes do vencemento do referido prazo non tivese entrado en vigor a nova lei reguladora do xogo de Galicia, efectuarase unha nova avaliación da oferta de xogo existente co fin de determinar a necesidade de adopción dun novo acordo.

Habida conta, por unha banda, do estado de tramitación do anteproxecto de lei reguladora do xogo de Galicia e, por outra banda, da subsistencia das razóns de interese xeral que motiva-

ron a planificación contida no acordo e no decreto citados, é necesario recoller na presente lei unha disposición adicional que manteña a vixencia da dita planificación ata a entrada en vigor da nova lei reguladora do xogo de Galicia. Ademais, as mesmas razóns de interese xeral xustifican a ampliación da limitación ás salas de bingo xa que o feito da existencia dun peche do mercado no que afecta aos salóns de xogo e ás tendas de apostas, pode facer derivar o interese a favor doutros establecementos de xogo como as salas de bingo cunha oferta de xogo semellante o que prexudicaría os obxectivos que se pretenden conseguir con carácter xeral. Cómpre indicar tamén que a planificación de establecementos de xogo prevista na disposición ten en conta o indicado no anteproxecto de Lei reguladora dos xogos de Galicia, actualmente en tramitación. Ademais, o límite fixado para os salóns de xogo e as tendas de apostas axústase ao disposto no Acordo do 16 de maio de 2019 e ao Decreto 72/2019, do 4 de xullo, e, respecto das salas de bingo, o límite máximo se fixa atendendo aos mesmos criterios tidos en conta na planificación contida no acordo e no decreto citados, isto é, en atención ás salas de bingo existentes actualmente en Galicia e a que non existe ningunha solicitude de autorización de instalación en tramitación que poida ser tida en conta.

A planificación prevista axústase así aos principios de necesidade e tamén de proporcionalidade previstos no artigo 5 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. Neste sentido, as limitacións derivadas da planificación recollida ademais de ser as necesarias para atender ás razóns de interese xeral en que se fundamentan, terán unha duración temporalmente limitada ata a entrada en vigor da nova Lei reguladora dos xogos de Galicia.

Na disposición transitoria única se recollen previsións para a posta en marcha do novo réxime introducido na modalidade de carga contaminante no canon de auga e no coeficiente de vertedura.

Por último, a lei contempla a derogación expresa de disposicións concretas así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

A presente lei axústase así aos principios de boa regulación contidos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responder as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao recollese na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación como esixe o principio de transparencia, e ao introducirse a través dela, conforme ao principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.